



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE. AUGAS DE GALICICA. SERVIZO TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

José Fernández Fernández solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.70099

As obras solicitadas consisten na rehabilitación dunha vivenda e peche perimetral parcial no predio con referencia catastral 27027B005014140000LA; na zona de policía do rego de Lourido e do río Baos; no lugar de Teixeira, na parroquia de San Xurxo, no concello de Lourenzá (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Lourenzá ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 03 de novembro de 2020.- A xefa do servizo territorial, Rocío Carreira Carral.

R. 2725

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Manuel Uriz Santé solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.62576

As obras solicitadas consisten na construción dunha vivenda unifamiliar e peche perimetral no predio con referencia catastral 3950030PJ4235S0001PJ na zona de policía do rego de Lagüelas; no lugar de Remior, na parroquia de San Cosme de Barreiros, no concello de Barreiros (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Barreiros ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 02 de novembro de 2020, A xefa do servizo territorial, Rocío Carreira Carral.

R. 2726

CONCELLOS

BARALLA

Anuncio

Quedando definitivamente aprobado polo Pleno desta Corporación o expediente de modificación de créditos número 12 de 2020, dentro do vixente Presuposto municipal, por acordo adoptado en sesión celebrada o día 24 de setembro de 2020, cun importe que ascende a cantidade de 60.600 Euros, e dando cumprimento ao establecido nos artigos 169 e 177 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, Real Decreto

Lexislativo 2/2004, faise público que, despois de dito expediente, o resumo por capítulos do Estado de Gastos, do referido Presuposto queda da seguinte forma:

Cap.1.- Gastos de persoal _____	916.653,28 €
Cap.2.- Gastos correntes en bens e servizos _____	869.199,01 €
Cap.3.- Gastos financeiros _____	4.700,00 €
Cap.4.- Transferencias correntes _____	107.720,00 €
Cap.5.- Fondo de continxencia e outros imprevistos _____	0,00 €
Cap.6.- Inversións reais _____	760.825,76 €
Cap.7.- Transferencias de capital _____	42.460,00 €
TOTAL GASTOS NON FINANCEIROS _____	2.701.558,05 €

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Baralla, 3 de novembro de 2020.- O alcalde, Miguel González Piñeiro.

R. 2727

O CORGO

Anuncio

BASES QUE REXERÁN O PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL (2 OFICIAL 1ª E 2 OFICIALES 2ª, 1 PEÓN E 1 AUXILIAR ADMINISTRATIVO QUE SE CONTRATE NO CONCELLO DO CORGO AO ABEIRO DO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2020 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS, SERVIZOS E CREACIÓN DE EMPREGO “ PROGRAMA FOMENTO DO EMPREGO 2020”.

PRIMEIRO. NORMATIVA APLICABLE E OBXECTO DA CONVOCATORIA.

O procedemento selectivo regularase polo previsto nas presentes bases e no non previsto nelas, polo establecido nas seguintes disposicións: Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público; Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; (no Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real decreto lexislativo 781/1986, de 13 de xuño (naquelas disposicións básicas); na Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia; na Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia; no Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; Con carácter supletorio tamén se aplicará o Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de selección do persoal da administración da Comunidade Autónoma de Galicia, no que non se opoña o Real decreto lexislativo (781/1986, de 13 de xuño (naquelas disposicións básicas); na Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia; Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do estado e demais disposicións aplicables.

B. OBXECTO

Contratación laboral temporal a xornada completa de dous oficial 1ª e dous oficiais 2ª, un peón, un auxiliar administrativo. Tódolos contratos serán por unha duración máxima de 10 meses para o programa temporal “PROGRAMA FOMENTO DO EMPREGO 2020”, para o exercicio 2021 para a execución de obras, servizos e creación de emprego. Unha vez rematado programa rematará o contrato, que en todo caso non excederá do 30 de setembro de 2021.

A presente convocatoria ten por obxecto a selección de:

- 2 oficiais 2ª
- 2 oficial 1ª
- 1 auxiliar administrativo
- 1 peón

Nesta mesma liña, e co fin de non interromper a prestación deste concreto servizo de duración temporal, aqueles candidatos que superen o proceso selectivo, pero que non acaden a puntuación precisa para ser propostos para a contratación por esta entidade, pasarán a formar parte dunha lista para posibles baixas ou substitucións.

No suposto de que o candidato seleccionado non desexe suscribir o contrato laboral temporal ou unha vez suscrito, dimita ou se extinga a relación laboral de mutuo acordo, o concello notificará ó seguinte candidato seleccionado segundo a orde de puntuación para formalizalo.

SEGUNDO.- FUNCIONS DAS PERSOAS A CONTRATAR

2.1.- OFICIAL 1ª PALISTA

Este persoal realizará labores de palista precisas para acadar o cumprimento de servizos municipais mínimos e a realización de obras esenciais, tales como obras de saneamento, abastecemento, recuperación e mantemento de accesos a mantemento da infraestrutura viaria ou traballos relacionados coa utilidade colectiva.

2.2. OFICIAL 1ª ALBANEL

Este persoal realizará labores precisas para acadar o cumprimento de servizos municipais mínimos e a realización de obras esenciais, tales como obras de saneamento, abastecemento, recuperación e mantemento de accesos a mantemento da infraestrutura viaria ou traballos relacionados coa utilidade colectiva.

2.3.-OFICIAL 2ª

Este persoal prestará apoio o oficial 1ª, realizando as obras precisas para acadar o cumprimento de servizos municipais mínimos e a realización de obras esenciais, tales como obras de saneamento, abastecemento, recuperación e mantemento de accesos a mantemento da infraestrutura viaria ou traballos relacionados coa utilidade colectiva.

2.4 AUXILIAR ADMINISTRATIVO

Este persoal prestará labores administrativas propias que servirán de apoio as oficinas municipais deste concello; tales como tratamento de textos, excell despacho de correspondencia, cálculos, arquivo de documento e outros tarefas.

2.5 PEÓN

Este persoal prestará apoio os oficiais, realizando as obras precisas para acadar o cumprimento de servizos municipais mínimos e a realización de obras esenciais.

TERCEIRO.- REQUISITOS:

a) Comúns a todos os aspirantes

Para participar nas probas selectivas, os aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican, de conformidade co establecido no artigo 56 do EBEP e no ART.50 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes, e deberán manterse durante todo o proceso selectivo:

- a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do EBEP ser nacionais de Estados membros da Unión Europea ou calquera que sexa a súa nacionalidade aos cónxuxes dos españois ou dos nacionais de estados membros da UE, sempre que non estean separados de dereito nos termos establecidos no artigo 57 de EBEP.
- b) Ter unha idade comprendida entre os 16 e os 65 anos.
- c) Estar en posesión do carnet de conducir tipo B (agás para o posto de auxiliar administrativo).
- d)E estar desempregado ou estar en situación de mellora de emprego
- e) Posuir as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas para a o desempeño dos traballos, acreditándose a mesma mediante certificado médico.
- f) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para o desenvolvemento de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratara de acceder a mesma categoría profesional á que pertencía.

No caso de ser nacional doutro Estado, non encontrarse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

- g) Acreditar o coñecemento da lingua galega no nivel de Celga 3 (ou o curso de iniciación, nos termos establecidos na disposición adicional 1ª da Orde de 16 de xullo de 2007).

Se non se pode acreditar este concreto requisito, poderase acceder ó proceso selectivo, pero será necesaria superar a realización dunha proba do lingua galega, nos termos establecidos na cláusula cuarta.

h) Requisito específico para o posto de auxiliar administrativo

- Acreditar o título de graduado escolar ou equivalente.

i) Requisito específico para o posto de oficial 1ª palista:

- Acreditar o carnet de conducir C
- Acreditar o curso de palista

CUARTA.- PROCEDEMENTO SELECTIVO

1.-. EXERCICIO COMÚN PARA OS POSTOS DE OFICIAL 1ª, OFICIAL 2ª E PEÓN.

1º EXERCICIO: PROBA TEORÍCA: de carácter obrigatorio e eliminatorio, consistirá nunha proba escrita, tipo test de 20 preguntas, a desenvolver en 30 minutos, con tres respostas alternativas das que só unha será a correcta, sobre o contido do programa especificado na convocatoria que figura no anexo II. Cada resposta correcta sumará 0,50 puntos. As preguntas non contestadas ou contestadas incorrectamente non restarán. Este exercicio puntuará ata un **máximo de 10 puntos**.

2º EXERCICIO: PROBA PRÁCTICA. EXERCICIOS ESPECÍFICOS PARA OS POSTOS DE OFICIAL 1ª, OFICIAL 2ª E PEÓN. (máx 10 puntos):

A. EXERCICIOS ESPECÍFICOS PARA O POSTO DE OFICIAL 1ª PALISTA.

Consiste na realización dunha proba práctica eliminatoria relacionada co posto de traballo, consistente na realización dunha proba práctica ca pala municipal e consistente na apertura dunha zanja.

Para superar este exercicio será necesario acadar un mínimo de 5 puntos e puntuará ata un **máximo de 10 puntos. Este exercicio terá carácter eliminatorio.**

A cualificación será a media aritmética da puntuación outorgada por cada membro do Tribunal.

B. EXERCICIOS ESPECÍFICOS PARA O POSTO DE OFICIAL 1ª ALBANEL.

Consiste na realización dunha proba práctica eliminatoria relacionada co posto de traballo, consistente na realización dunha proba práctica dun replanteo.

Para superar este exercicio será necesario acadar un mínimo de 5 puntos e puntuará ata un **máximo de 10 puntos. Este exercicio terá carácter eliminatorio.**

A cualificación será a media aritmética da puntuación outorgada por cada membro do Tribunal.

C. EXERCICIOS ESPECÍFICOS PARA O POSTO DE OFICIAL 2ª

Consiste na realización dunha proba práctica eliminatoria relacionada co posto de traballo (albanalería) consistente en facer un pequeno muro.

Para superar este exercicio será necesario acadar un mínimo de 5 puntos e puntuará ata un **máximo de 10 puntos. Este exercicio terá carácter eliminatorio.**

A cualificación será a media aritmética da puntuación outorgada por cada membro do Tribunal.

D. EXERCICIOS ESPECÍFICOS PARA O POSTO DE PEÓN

Consiste na realización dunha proba práctica eliminatoria relacionada co posto de traballo (albanalería) consistente en facer unha masa con cemento e area. O tribunal poderá decidir poñer unha proba de pequenas obras de albanalería tales como elaboración de masa con cemento e area.

Para superar este exercicio será necesario acadar un mínimo de 5 puntos e puntuará ata un **máximo de 10 puntos. Este exercicio terá carácter eliminatorio.**

A cualificación será a media aritmética da puntuación outorgada por cada membro do Tribunal.

A cualificación virá determinada pola media da suma das puntuacións do exercicio común e específico

III. 1.-EXERCICIO ESPECÍFICO PARA O POSTO DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO

Realizaránse dúas probas:

Primeira proba.- De carácter eliminatorio, consistirá en contestar por escrito, durante un prazo de 1 hora, a cinco preguntas curtas sobre o temario que acompaña a estas bases.

Este exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo preciso para superalo obter a nota mínima de 5 puntos.

Corresponderá o Tribunal determinar o nivel de coñecementos esixidos para acadar a puntuación mínima.

Valorarase os coñecementos, formación xeral, a capacidade, a claridade expositiva e de ideas, precisión e rigor na exposición, calidade ortográfica e da expresión escrita, e a comprensión da materia

IV Segundo exercicio: De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá na realización dunha proba de carácter práctico mecanográfica utilizando o tratamento de textos Microsoft Word 2007 ou libre office versión 6.4.7 a elección do tribunal.

Cualificarase a velocidade desenvolvida (en atención ao número de pulsacións), a limpeza e exactitude das tarefas realizadas e a corrección que presente as mesmas.

Este exercicio realizarase no tempo e forma que determine o Tribunal ó comenzo do mesmo e cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo preciso para superalo obter a nota mínima de 5 puntos. A cualificación será a media aritmética da puntuación outorgada por cada membro do Tribunal.

Corresponderá o Tribunal determinar o nivel de coñecementos esixidos para acadar a puntuación mínima.

A calificación virá determinada pola suma das puntuacións do primeiro e segundo exercicio.

2. EXERCICIO COMÚN E OBRIGATORIO PARA TÓDOLOS CANDIDATOS QUE NON ACREDITEN O COÑECEMENTO DO GALEGO NO NIVEL CELGA 3 OU EQUIVALENTE:

A. 2º EXERCICIO: GALEGO:

Común e obrigatorio para aquelas candidatos a calquera posto dos ofertados que non poidan acreditar o coñecemento de galego no nivel CELGA 3 ou equivalente (curso de iniciación de galego, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados acreditativos dos niveis de coñecemento de lingua galega, publicada no DOG nº 146, de 30 de xullo de 2007).

Os candidatos que se atopen na circunstancia anterior deberán realizar un exame consistente en traducir un texto sen dicionario, elixido libremente polo tribunal, do castelán ao galego.

Esta proba terá unha duración de 20 minutos.

Este exercicio valorarase como apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter o resultado de apto. O tribunal decidirá o nivel preciso para acadar o resultado de apto.

QUINTA.- ANUNCIO DA CONVOCATORIA E SOLICITUDES E ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

5.1 ANUNCIO DA CONVOCATORIA: As presentes bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no taboleiro de edictos do concello e na páxina web www.concellodocorgo.com e na sede electrónica do concello do Corgo, concellodocorgo.sedelectronica.gal.

5.2 SOLICITUDES: As instancias para poder tomar parte neste proceso selectivo faranse mediante o modelo que figura no anexo I da presente convocatoria, dirixido ao alcalde, presentándose no Rexistro Xeral do Concello, ou na sede electrónica (concellodocorgo.sedelectronica.gal) no prazo de cinco **(5) días hábiles seguintes, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.** Se o último día de prazo coincide con sábado, domingo ou festivo, entenderase que o prazo remata o primeiro día hábil seguinte, tamén poderase presentar na oficina de correos, na forma que se establece reglamentariamente e nos demais lugares que se indican no art 16 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común. Se no prazo de 2 días hábiles a contar desde o seguinte á finalización do prazo de presentación non se recibe a solicitude, esta quedará rexeitada, polo que se recomenda a súa presentación no rexistro xeral das oficinas municipais do Concello do Corgo ou a través da sede electrónica concellodocorgo.sedelectronica.gal. No caso de presentar a solicitude noutro lugar ou por outro medio, o interesado deberá acreditar o dito envío, remitindo o mesmo día copia da solicitude ao fax 982302068 ou por mail a concello.ocorgo@eidolocal.es. Sen este requisito a solicitude non será admitida en ningún caso.

As solicitudes poderanse remitir, así mesmo, na forma indicada no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Na solicitude, os aspirantes manifestarán que reúnen tódolos requisitos da convocatoria **e aportarán, xunto coa instancia,** a documentación seguinte, orixinal ou copia compulsada:

- a) DNI, pasaporte ou tarxeta de residencia. Ás ou aos familiares dos anteriores, visado, e de ser o caso, documentación acreditativa do vínculo de parentesco e unha declaración xurada ou promesa do cónxuxe ou ascendente do que dependa de que non está separado de dereito ou de que a/o aspirante vive ás súas expensas ou está ao seu cargo.
- b) Carnet de conducir tipo B para os oficiais 1ª, oficial 2ª e peón (agás para o posto de auxiliar administrativo)
- c) Carnet de conducir tipo C para o oficial 1ª palista
- d) Acreditación de ter o curso de palista o oficial 1ª
- e) Declaración responsable, asinado polo/a aspirante, de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e de non ter sido separado/a do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas por expediente disciplinario ou resolución xudicial firme nin encontrarse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial ou para exercer funcións similares ás que se desempeñaba no caso de persoal laboral.

No caso de ser nacional doutro estado, declaración responsable, asinada polo/a aspirante, de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidades recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e de non estar inhabilitado ou en situación equivalente que impida, no seu estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

f) Compromiso de que se dispón da titulación requirida o derradeiro día de presentación de instancias.

g) Acreditación de estar desempregado ou mellora de emprego

h) Acreditación de estar en posesión do graduado escolar ou equivalente no caso do auxiliar administrativo.

5.3 ADMISIÓN DE ASPIRANTES:

Rematado o prazo de presentación de solicitudes e transcorridos os dous días hábiles para recibir a documentación presentada en Correos ou en Rexistros diferentes ao deste concello, a Alcaldía ditará resolución, no prazo máximo de **DOUS (2) días hábiles**, que se publicará no **taboleiro de anuncios do concello e na páxina Web** (www.concellodocorgo.com), e na sede electrónica do concello do Corgo, concellodocorgo.sedelectronica.gal admitindo ou inadmitindo aos solicitantes, indicando a causa de exclusión neste último caso, e abríndose **un prazo de dous (2) días hábil para a subsanación de defectos**, contados a partires do seguinte ao da súa publicación nos referidos medios, para que os aspirantes excluídos poidan emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión. No caso de presentarse noutros rexistros diferentes ao do concello, as emendas deberán recibirse nun prazo máximo de dous días hábil contado a partir do seguinte ao de finalización do prazo anterior. Se estes prazos finalizaran en sábado entenderase que o prazo remata o primeiro día hábil seguinte.

Na publicación indicárase o nome e apelido, DNI dos aspirantes, con indicación dos que non precisan a realización do exercicio de galego.

Rematado o prazo de subsanación e transcorridos dous días hábil referidos anteriormente, ditarase resolución nun prazo máximo de **DOUS (2) días hábiles**, a contar a partir do seguinte á finalización do prazo anterior, elevando a definitiva a lista de admitidos e excluídos, así como os candidatos que teñan que realizar o exercicio de galego, e nela se sinalará a composición do tribunal cualificador, que se publicará no **taboleiro de anuncios do concello e na páxina Web** (www.concellodocorgo.com), e na sede electrónica do concello do Corgo, concellodocorgo.sedelectronica.gal. A estimación ou desestimación das ditas peticións de correccións entenderanse implícitas na resolución pola que se aprobe e ordene a publicación da lista definitiva de admitidos e excluídos.

Non obstante, o feito de figurar na lista definitiva de admitidos non prexulga que se lles recoñezaos interesados a posesión dos requisitos esixidos na base segunda das presentes bases.

Os datos personais (nome, apelidos, dirección aos efectos de notificacións) dos candidatos que participen no procedemento selectivo, serán utilizados unicamente para o fin da presente procedemento selectivo, e co fin de dar cumprimento ao principio de publicidade esixido na vixente lexislación.

Contra a resolución do alcalde pola que se declaren definitivamente excluídos do proceso selectivo, o/a interesado/a poderá interpoñer recurso de reposición no prazo de un mes, a contar desde o día seguinte a publicación no taboleiro de anuncios da devandita resolución, ou ben directamente o recurso contencioso administrativo, no de dous meses desde a citada data.

Non se poderá interpoñer recurso contencioso administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso de reposición ou se producise a súa desestimación presunta.

SEXTA- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

6.1 Composición:

De conformidade con canto se establece polo artigo 60 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empleado público, o tribunal terá a seguinte composición:

·Presidente: Un empregado/a público con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ó posto convocado.

·Secretario: Un empregado/a público con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ó posto convocado.

·Vogais: Tres empregados/as públicos con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ó posto convocado.

O nomeamento dos membros do tribunal e os seus suplentes, realizarase por Decreto do alcalde, e publicarase no taboleiro de anuncios, e na páxina web do concello (WWW.concellodocorgo.com)

O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do presidente e do secretario ou dos que legalmente os substitúan.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores, actuarán con voz e sen voto limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal. A colaboración pode consistir na elaboración dos informes médicos e das probas físicas que sirvan para acreditar a aptitude física para o desenvolvemento do posto de traballo.

Os membros do tribunal, así como os asesores ou colaboradores, que se incorporen a este, terán dereito, polas súas concorrencias ás sesións, ao pagamento de asistencias na contía establecida de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, tendo en conta as actualizacións desta, vixentes na data da realización das probas, agás que estean prestando servizos nesta entidade local.

6.2 Adopción de acordos:

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a valoración dos méritos.

Concluídas as probas, elevarase proposta de candidatos para a formalización do correspondente contrato laboral que en ningún caso poderá exceder do nº de plazas convocadas. Así mesmo, elevarase proposta de bolsa de emprego válida a vixencia do plan único 2020.

O mesmo día de celebración das probas elevarase proposta dos candidatos/as seleccionados/as que vinculará á Administración, sen prexuízo de que esta, no seu caso, poda proceder a súa revisión, consonte ao establecido nos Art. 106 e seguintes da Lei 39/2015, de 15 de outubro do procedemento administrativo común e das administracións públicas. Os seus acordos só poderán impugnarse de acordo co establecido na devandita Lei.

6.3 Data e lugar de constitución do Tribunal

O tribunal non poderá constituirse nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. Na mesma **resolución na que se aprobe a lista definitiva de admitidos e excluídos se sinalará a composición do tribunal cualificador, a data e hora na que se constituirá.**

6.4.- Abstención e Recusación.

Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir cando concorran neles, circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei de 40/2015, de 1 de outubro de Réxime xurídico do sector público.

Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas na presente base, conforme o artigo 24 da citada lei.

1. **SÉTIMA.- APORTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN DOS CANDIDATOS/AS SELECCIONADOS/AS.**

2. Os candidatos propostos para seren contratados deberán achegar, no prazo de 2 días hábiles, a seguinte documentación, agás que xa a presentaran anteriormente, xunto coa instancia de participación:

3. 1) Copia compulsada do DNI ou documento de identificación do extranxeiro ciudadano dun Estado membro da UE.

2) Certificado médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira, e no que se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.

3) Copia compulsada da tarxeta da Seguridade Social.

3) Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse em inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

No suposto de ser nacional doutro Estado, declaración xurada ou promesa de non atoparse inhabilitado ou ensituación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, o acceso ó emprego público.

4) Declaración xurada de non encontrarse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ó momento da súa toma de posesión.

5) Título esixido para acceder a estas probas.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta base, e agás nos caso de forza maior, ou cando do exame da mesma dedúzase que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 3ª, non poderán ser contratados e quedarán anuladas as actuacións, sem prexuízo da responsabilidade en que incorreran por falsidade na solicitude de participación.

OITAVA. FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS DE TRABAJO

Rematado o proceso selectivo e presentada a documentación polos interesados, o alcalde resolverá o proceso selectivo e se procederá a formalización do contrato laboral temporal por obra o servizo determinado a tempo completo conforme a lexislación vixente.

NOVENA. IMPUGNACIÓN.

Contra as presentes bases, sendo que o seu acordo aprobatorio é definitivo en vía administrativa, poderase interpor polos interesados lexítimados os seguintes recursos:

- Con carácter potestativo recurso de reposición ante o mesmo órgano que dictou o actorecurrido en prazo dun mes a contar dende o día seguinte ó da publicación das bases no BOP. Se transcurrires dende o día seguinte ó da interposición do recurso de reposición, sen que este fora resolto, poderá entenderse que foi desestimado para interpor o recurso contencioso-administrativo, á súa elección, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de seis meses.
- Recurso contencioso-administrativo á súa elección ante o Xulgado do Contencioso administrativo de Lugo dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da publicación das bases no BOP.

Contra cantos actos administrativos se deriven das bases e da actuación do tribunal, poderán ser interpostos polos interesados os oportunos recursos nos casos e na forma establecidas na Lei 39/2015 de 1 de outubro e na Lei 29/98 de 13 de xullo reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

DÉCIMA.- Os candidatos que superen as probas selectivas pero non acaden a puntuación para seren contratados integrarán unha lista ou bolsa de emprego, para futuras contratacións que se poidan realizar a consecuencia de baixas por incapacidade laboral ou outras circunstancias.

Esta lista estará vixente mentres dura este programa de emprego. **PROGRAMA FOMENTO DO EMPREGO 2020**".

DÉCIMA:

Este programa está financiado a través do plan provincial único de cooperación cos concellos 2020 da Deputación Provincial de Lugo para a execución de obras, servizos e creación de emprego "Programa Fomento do Emprego 2020".

ANEXO I.- Modelo de instancia:

Dna./D.....,
 con DNI ou documento de estranxeiro nº....., con domicilio aos efectos de notificación
 en.....,
 nº de teléfono.....,

Enterado/a da convocatoria pública realizada polo concello do Corgo para a contratación laboral de
 _____ (indicar o posto ao que se opta),

DECLARO:

1. Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria e que reúno tódalas condicións esixidas polas mesmas para participar neste proceso selectivo.
2. Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, que non padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que opto e que non estou separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás CC AA ou ás Entidades Locais, nin estou inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas.
3. Que autorizo ao Concello do Corgo á publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e DNI) e das posibles causas de exclusión no taboleiro de anuncios do concello e calquera outro medio que se estime, ao se a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.
- 4.

SOLICITO ser admitido/a para participar no referido procedemento selectivo comprometéndome a someterme ás bases que o regulan, presentando a documentación seguinte (riscar o que proceda):

- Fotocopia compulsada do DNI, pasaporte ou tarxeta de extranxeiro
- Permiso de conducir en vigor tipo ____.
- Outra documentación: fotocopia do título CELGA 3 ou curso de iniciación.
- Acreditación de estar desempregado ou de mellora de emprego

O Corgo, _____ de _____ de 2020.

NOTA: Os datos de carácter persoal poderán ser tratados para futuras contratacións, de conformidade coa Lei 15/99, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

ANEXO I**TEMARIO ESPECÍFICO PARA O POSTO DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO**

- 1.- Ámbito obxectivo e subxectivo da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.
- 2.- Os interesados no procedemento: A capacidade de obrar e o concepto de interesado.- Identificación e sinatura admitidos polas administracións públicas.
- 3.- Da actividade das administracións públicas: Normas de actuación, termos e prazos.
- 4.- Dos actos administrativos: Requisitos.- Eficacia.- Nulidade e anulabilidade.
- 5.- Órganos do concello: Atribucións
- 6.- Competencias dos concellos.

ANEXO II**TEMARIO ESPECÍFICO PARA OS POSTOS DE OFICIAL 1ª, OFICIAL 2ª E PEÓN**

- 1.- Ámbito xeográfico do municipio do Corgo.

O Corgo, 29 de outubro de 2020.- O Alcalde, Asdo: FELIPE LABRADA REIJA.

R. 2789

LOURENZÁ*Anuncio*

Aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local de 29/10/2020 as bases reguladoras de Convocatoria Pública de Subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos do Concello de Lourenzá para o exercicio 2020 referente a actividades deportivas, faise público un extracto das mesmas así como a apertura de prazo para presentación de solicitudes co seguinte tenor:

Finalidade e Obxecto: A presente convocatoria ten por obxecto o establecemento de axudas económicas para fomentar a realización de actividades e competicións deportivas.

Destinatarios: Establécense dous categorías de axudas: para a actividades competitivas e para actividades deportivas (carácter permanente). Poderán participar na convocatoria entidades, clubs e asociacións de carácter deportivo do Concello de Lourenzá.

Procedemento e Prazo: As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Lourenzá no prazo dun mes a contar dende o día seguinte a publicación do presente anuncio no B.O.P., podendo presentarse conxuntamente a solicitude e a xustificación, de ser o caso.

Documentación a presentar, requisitos e contías máximas: A documentación figura relacionada na base novena das aprobadas por acordo da X.G.L., existindo modelos a disposición dos solicitantes na páxina web do concello www.concellodelourenza.es e nas oficinas municipais.

Asemade na base terceira figuran os requisitos a cumprir polos posibles beneficiarios e as contías máximas serán de:

CATEGORÍA	IMPORTE MÍNIMO	IMPORTE MÁXIMO
Axudas á actividade competitiva	300 €	2.500 €
Axudas para actividades deportivas	300 €	500 €

Xustificación: O prazo de xustificación rematará, improrrogablemente o día 31/03/2021.

Bases Convocatoria: Poderase consultar o texto íntegro das Bases Reguladoras no Taboleiro de Anuncios municipal e na páxina web do concello www.concellodelourenza.es

Lourenzá 03 de novembro de 2020.- A Alcaldesa, Rocío López García.

R. 2728

LUGO

Anuncio

23/558 APROBACIÓN DAS BASES XERAIS REGULADORAS DAS SUBVENCÍONS DESTINADAS A FINANCIAR PARCIALMENTE O ALUGAMENTO DE VIVENDA DESTINADA A DOMICILIO HABITUAL, AUTORIZACIÓN DO GASTO E APERTURA DE CONVOCATORIA PÚBLICA. SERVIZOS SOCIAIS. (CONVOCATORIA ANO 2020.- Examinado o expediente tramitado para os efectos, visto o informe proposta do Xefe de Servizo de Servizos Sociais, do 29 de outubro de 2020 que, na súa parte expositiva, fai constar:

“Visto que

- A aprobación destas bases e desta convocatoria ten como finalidade dar continuidade ao programa de axudas para alugueiro de vivendas creado no ano 2005 polos Servizos Sociais, os cales en colaboración coa Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo, S.A. (EVISLUSA), veñen desenvolvendo este programa coa finalidade de establecer unha liña de axudas para que a cidadanía con escasos recursos poida así satisfacer unha das necesidades básicas como é o acceso a unha vivenda.

- A Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo, S.A. (EVISLUSA), actuará como entidade colaboradora, conforme ao disposto nos artigos 12,15 e 16 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e ao disposto no artigo 9 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes coa Ordenanza municipal reguladora da concesión de subvencións.

- No orzamento anual de EVISLUSA do ano 2020 figura, entre outros, como labor anual e fixa o desenvolvemento do Programa municipal de subvencións ao alugueiro, “bolsa de encomendas”. O dito orzamento forma parte do orzamento xeral consolidado da Corporación para o ano 2020 polo que se pode considerar como encargo a medio propio conforme ao establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

- As bases que rexen a convocatoria das axudas véñense modificando cada ano para adaptarnos ás necesidades e superar dificultades detectadas na xestión das axudas.

- Por decreto de Alcaldía nº 2137/2020, do 08/04/20 aprobouse a actualización para o ano 2020, do V Plan Estratéxico de subvencións, dentro do cal se recolle a convocatoria do programa de axudas ao alugamento para persoas con dificultade económica, e en concreto no referente a partida 23179.48901, convocatoria subvencións financiamento alugueiro 300.000 € convocatoria ano 2020. Consta a existencia de retención de crédito con número de referencia 93223/2020 por importe de 300.000€.

-O informe favorable de fomento do 16/10/2020 e o informe de fiscalización de intervención nº 2020/923.

No referente ao órgano competente para a tramitación e resolución deste expediente, subvencións en réxime de concorrencia competitiva, a Xunta de Goberno Local segundo acordo 28/452 , do dezasete de xullo de dous mil dezanove, acordou reservarse á aprobación de bases (autorización do gasto) nos expedientes de subvencións tramitados en réxime de concorrencia competitiva e convenios reguladores das subvencións nominativas.”

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada pola Ilma. Sra. Tenenta de Alcaldesa Delegada da área respectiva, e por unanimidade dos seguintes asistentes: Excm. Sra. D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Concello de Lugo (Grupo Municipal PSdeG-PSOE); Ilmo. Sr. D. ÁLVARO SANTOS RAMOS, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Desenvolvemento Local Sostible (GMPSdeG-PSOE); Ilma. Sra. D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos (GMPSdeG-PSOE); Ilmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Medio Rural e Deportes (GMPSdeG-PSOE); Ilma. Sra. D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Cohesión Social (GMPSdeG-PSOE); Ilma. Sra. D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua (GMBNG) e a Ilma. Sra. D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Participación e Servizos para a Veciñanza (GMBNG), **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Que se proceda á convocatoria para o exercicio 2020 das subvencións para financiar parcialmente o alugamento de vivenda destinada a domicilio habitual das persoas residentes no termo municipal de Lugo, de conformidade coas bases establecidas neste procedemento de concorrencia competitiva.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto de **300.000€** para o pagamento das axudas ás persoas beneficiarias deste programa e que irán con cargo á aplicación orzamentaria municipal **23179.48901** do exercicio económico 2020.

TERCEIRO.- Esta convocatoria rexeráse polo establecido nas seguintes bases xerais reguladoras da concesión de subvencións para alugamento de vivendas en Lugo-exercicio económico 2020.

BASES XERAIS REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA O FINANCIAMENTO PARCIAL DO ALUGAMENTO DE VIVENDAS DESTINADAS A DOMICILIO HABITUAL DE PERSOAS RESIDENTES NO CONCELLO DE LUGO. (CONVOCATORIA AÑO 2020).-

PRIMEIRA.- OBXECTO DAS AXUDAS

1.- O obxecto destas bases é establecer e regular un programa de axudas para financiar parcialmente o alugamento de vivenda destinada a domicilio habitual das persoas residentes no termo municipal de Lugo, nas condicións que nelas se establecen. Todo isto coa finalidade de facilitarlle o acceso a unha vivenda digna á cidadanía que se encontre nunha situación socioeconómica que lle imposibilite ou dificulte o exercicio do dereito a unha vivenda digna recoñecido na Constitución Española.

2.- As axudas que se outorguen ao abeiro desta convocatoria teñen carácter de subvención e a súa adxudicación efectuarase en réxime de concorrencia competitiva. A convocatoria rexerese por estas bases, polas normas establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da dita lei e na Ordenanza municipal reguladora da concesión de subvencións.

SEGUNDA.- ENTIDADE COLABORADORA

1- A Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo, S.A. (EVISLUSA), actuará como entidade colaboradora, conforme ao disposto no artigo 9 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos artigos 12, 15 e 16 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e concordantes da Ordenanza municipal reguladora da concesión de subvencións.

2- No orzamento anual de EVISLUSA figura, entre outras, como labor habitual a xestión das diferentes anualidades do Programa municipal de subvencións ao alugueiro, non sendo necesaria polo tanto a formalización de encargo a medio propio.

TERCEIRA.- PERSOAS BENEFICIARIAS

Poderán solicitar estas axudas para o alugamento as persoas físicas arrendatarias de vivendas que vivan soas ou formen parte dunha unidade de convivencia, con contratos de alugamento vixentes na data de peche do prazo de presentación de solicitudes.

Poderán solicitar estas axudas as persoas físicas, maiores de idade, que posúan a nacionalidade española, ou a dalgún dos estados membros da Unión Europea ou do Estado Económico Europeo. No caso de estranxeiros non comunitarios, deberán ter residencia legal en España.

O cumprimento de todos os requisitos recollidos nas cláusulas cuarta e quinta destas bases deberá cumprirse na data de remate do prazo de presentación de solicitudes e manterse durante todo o período no que a persoa solicitante figure como beneficiaria da axuda.

Estas axudas diríxense a satisfacer as necesidades de vivenda de toda a poboación do municipio que cumpran os requisitos esixidos, establecendo como colectivos prioritarios na adxudicación aos seguintes colectivos: facendo especial mención ás persoas incluídas nos seguintes colectivos:

1º Vítimas de violencia de xénero.

2º Familias monoparentais con cargas familiares.

3º Unidades de convivencia con descendentes a cargo ata os 25 anos (inclusive) e/ou con grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 65%.

4º. Unidade de convivencia formada exclusivamente por mozos ata 35 anos de idade inclusive como titulares da unidade familiar.

CUARTA.- REQUISITOS QUE DEBERÁN CUMPRIR AS PERSOAS SOLICITANTES

a) Todos os membros da unidade de convivencia deberán residir e estar empadroados no termo municipal do Concello de Lugo. A persoa solicitante, a maiores, deberá estar empadroada cunha antigüidade mínima DUN ANO con anterioridade á data de peche do prazo de presentación de solicitudes. EVISLUSA, tras a correspondente autorización das persoas interesadas, solicitará de oficio o xustificante de empadramento e convivencia, no cal deberán constar empadroadas exactamente as mesmas persoas que se declaran na solicitude.

Consideraranse asimiladas a persoas residentes as persoas solicitantes que fosen antigas residentes no municipio de Lugo e que, por motivos económicos, laborais e/ou formación académica regrada, se viron obrigadas a abandonalo e desexen retornar a el, sempre que demostren ter residido, con anterioridade, neste termo municipal un tempo continuado non inferior a 10 anos.

b) A vivenda para a que se solicita a axuda deberá constituír residencia habitual e esta circunstancia será acreditada a través de declaración responsable da persoa solicitante. A entidade colaboradora resérvase a posibilidade de efectuar as comprobacións pertinentes en colaboración co Servizo Municipal de Estatística. Comprobarase que a vivenda na que se atope empadroada a unidade familiar coincide coa do obxecto de

solicitud de subvención e que se atopan empadroados unicamente os membros da unidade familiar que figuren na solicitude. O non cumprimento destes requisitos dará lugar á denegación da axuda.

c) Ningún membro da unidade de convivencia poderá dispoñer de vivenda en propiedade no termo municipal de Lugo ou de dereito real de uso e desfrute sobre outra vivenda na provincia de Lugo agás que de encontrarse no último suposto demostre documentalmente a imposibilidade de facer uso deste dereito (vivenda non habitable, motivos laborais ou familiares...).

Quedan excluídos deste requisito:

- As persoas separadas ou divorciadas con convenio regulador no que figure que a vivenda conxugal queda para uso e desfrute da súa ex-parella. Poderase valorar excepcionalmente que a persoa propietaria sexa vítima de violencia de xénero.

- As unidades de convivencia nas que o solicitante ou algún dos membros teñan mobilidade reducida acreditada e sexa convinte trasladar o domicilio habitual e permanente a outra vivenda adaptada ou practicable en réxime de alugamento.

d) Que non exista aglomeración de persoas na vivenda. (Un mínimo de 4 m² por persoa en estancias de uso dormitorio).

e) Que a suma dos ingresos brutos de calquera natureza (rendementos do traballo persoal, actividades económicas, pensións, etc.) percibidos durante o primeiro semestre do ano 2020, pola unidade de convivencia non sexa inferior a 0,5 veces o índice público de rendas de efectos múltiples (IPREM) do 2020, nin supere dúas veces o dito índice.

Estarán exentos dos mínimos esixidos as seguintes unidades de convivencia:

- Persoas beneficiarias de prestacións sociais periódicas: pensións non contributivas (PNC, renda activa de Inserción, salario da liberdade, renda de Integración social de Galicia- RISGA, salario mínimo vital orfandade...) nos que o mínimo esixido é o importe destas prestacións no exercicio económico correspondente.

- Persoas beneficiarias de prestacións de desemprego a nivel contributivo e asistencial, sempre que a unidade familiar da que formen parte careza de rendementos.

- Persoas vítimas de violencia de xénero.

A estes efectos, o valor mensual para o ano 2020 do IPREM é de 537,84 €.

Os ingresos derivados das rendas de capital non poderán superar, no seu conxunto, a cifra de 601 € anuais.

f) As persoas membros da unidade de convivencia maiores de 16 anos deberán atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias ou sociais e non ter débeda por ningún concepto coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Delegación de Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia, coa Tesourería Territorial da Seguridade Social e co Concello de Lugo.

Así mesmo, non poderán estar incursas en ningunha das prohibicións para ser beneficiaria de subvencións públicas, contempladas no artigo 13 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

g) Que ningún membro da unidade de convivencia:

- Perciba axuda económica en concepto de vivenda mentres estea percibindo a deste programa xa que esta subvención é incompatible con calquera outra pública ou privada concedida para este fin. Exceptúase da anterior limitación o complemento para titulares de PNC que residen en vivendas alugadas.

- Teña parentesco en primeiro, segundo ou terceiro grao de consanguinidade ou afinidade coa persoa arrendadora.

- Sexa beneficiario/a desta subvención na convocatoria 2018 e nas súas correspondentes prórrogas.

2.- Para os efectos deste programa, enténdese por unidade de convivencia:

2.1) A formada polas/os cónxuxes non separadas/os legalmente e, se é o caso, as/os súas/seus descendentes e ascendentes que convivan habitualmente ou colaterais en terceiro grao que convivan habitualmente.

2.2) Nos casos de separación legal, viuvez, familia monoparental ou unión de feito sen vínculo matrimonial, acreditada mediante inscrición no Rexistro de Parellas de Feito ou ben Libro de Familia, a formada polos respectivos titulares das ditas unións de convivencia, con descendentes e ascendentes, en iguais termos aos enunciados no parágrafo anterior.

2.3) As persoas maiores de idade integradas nunha unidade de convivencia que manifesten o seu desexo de independizarse.

2.4) O conxunto de persoas que, cunha antigüidade non inferior a un ano, habitan unha vivenda de forma habitual e permanente e con vocación de estabilidade.

QUINTA.- REQUISITOS QUE DEBERÁN CUMPRIR AS VIVENDAS.

1.- A vivenda alugada deberá estar situada no termo municipal de Lugo e non poderán ser obxecto de axuda:

- As vivendas de protección oficial de promoción pública, nin as de titularidade da Administración pública nin as de carácter benéfico social ou sen ánimo de lucro.
- As vivendas situadas en entreplantas e as situadas nos baixo cuberta con uso legal recoñecido no planeamento distinto de vivenda.
- Os subarrendos.
- Os alugamentos de habitacións.
- Os locais e/ou rochos usados como vivenda.
- As infravivendas e as vivendas que non cumpran coas condicións de salubridade e hixiene.

2.- O custo do alugamento da vivenda non poderá superar os 380 €/mes. Quedan excluídos do concepto de alugamento, xa que non poderán ser incluídos como renda da vivenda e, polo tanto, non serán subvencionables, os gastos que a continuación se mencionan:

- Os de comunidade e administración.
- Contribucións especiais, taxas e impostos, aínda que figuren no contrato.
- Os de garaxe e anexos.
- Os de gas, auga, electricidade e calefacción.
- Os correspondentes ás reparacións que, conforme a Lei ou o contrato, teña que efectuar na vivenda a persoa titular do arrendamento.

Se no contrato de arrendamento se incluíran anexos ou outros gastos e o prezo de cada un deles non estivera descomposto, o cálculo da renda de alugamento da vivenda realizarase descontando da contía global que figure no contrato os seguintes conceptos:

- 10% polos gastos de comunidade.
- 15% polo aluguer de garaxe.
- 5% polo aluguer de trasteiro.
- 2% por outros gastos (Impostos, taxas...)

En todos os casos, os contratos de alugamento deberán aterse, en canto á súa duración, ao estipulado na Lei 29/1994 de arrendamentos urbanos e modificacións posteriores, e en calquera caso deberase desagregar a parte da vivenda dos gastos non subvencionables. Así mesmo, o contrato de alugamento deberá facer mención expresa da súa referencia catastral, no seu defecto, certificación catastral da vivenda obxecto de aluguer, podendo ser obtida de oficio por EVISLUSA previa autorización da persoa solicitante.

3.- A vivenda deberá contar, polo menos, coas seguintes condicións de habitabilidade:

- Cociña en bo uso, con fonte de alimentación eléctrica ou calquera fonte de alimentación legal, e nunha estancia ventilada e axeitadamente equipada.
- Se dispón de instalación de gas, deberá atoparse legalizada. En calquera estancia en que exista aparello con combustión deberá existir unha reixa de ventilación en contacto directo co exterior. No caso de gases máis pesados có aire (butano, propano...) a reixa deberá estar enrasada co pavimento ou cunha altura máxima de 5 cm medida dende ese nivel.

Se a estancia onde se atopa o aparello de combustión non está situada directamente en contacto co exterior, as estancias contiguas disporán, así mesmo, de reixa. En ningún caso se poderán tapar ou bloquear as ditas reixas.

- Cuarto de baño completo con ducha ou bañeira con ventilación directa ou forzada.
- Sistema de condución de auga quente en funcionamento e que dea servizo ás zonas de aseo e á cociña.
- Instalación eléctrica a 220V en bo estado e legalizada.
- Dispoñer de auga corrente, con instalación en bo estado, mediante contrato de subministración concertado co Concello de Lugo, se se atopase dentro da área de prestación do servizo municipal de abastecemento domiciliario de auga potable.
- Deberá dispoñer de rede de saneamento en bo uso, con vertedura legal á rede xeral, se se atopase dentro da área de prestación do servizo municipal de sumidoiros.
- Iluminación e ventilación segundo as condicións de vivenda exterior establecidas no PXOM.

Os espazos con uso dormitorio deberán ser todos exteriores e non utilizar outras dependencias que non teñan ese uso. Considérase unha superficie mínima de 4 m² por persoa na estancia. Permitirase a ventilación desas estancias a través de galerías ou estancias de estar que non superen os 3 m de profundidade con respecto á fachada do edificio.

Os espazos con uso de estar deberán ser todos exteriores e non utilizar outras dependencias que non teñan ese uso.

- Demais requisitos establecidos nos criterios xerais da normativa de habitabilidade tendo en conta como mínimo o cumprimento do Decreto 311/1992. Entre cuxas disposicións establece a determinación de que as vivendas situadas na 4ª planta ou superiores deberán ter acceso por ascensor, agás nas edificacións anteriores á entrada en vigor desta normativa.

- As vivendas, en todo caso, deberán ter unhas condicións mínimas de hixiene, ornato e salubridade. Todas as estancias deberán ser accesibles e non se permitirán usos de almacenamento descontrolado de obxectos nas estancias da vivenda.

Desde o 1 de xuño de 2013, coa entrada en vigor do Real Decreto 235/2013, é obrigatoria a obtención do Certificado de Eficiencia Enerxética para todas as vivendas destinadas a alquiler. Polo tanto, as vivendas obxecto de formalización de contrato de aluguer a partir do 1 de xuño de 2013 deberán contar co Certificado de Eficiencia Enerxética, debendo estar indicada a súa posesión no contrato de aluguer ou no seu defecto, declaración responsable do propietario da vivenda de que está en posesión de dito certificado.

Para a realización da visita técnica, o persoal de EVISLUSA poñerase en contacto telefónico a través de chamada telefónica, Whatsapp ou SMS ao número de teléfono ou no correo electrónico indicado pola persoa solicitante no impreso de solicitude, para indicarlle a data e hora da visita. Realizaranse tres intentos de comunicación en diferentes horarios e días, se non é posible concertar a dita cita, **entenderase que renuncia á subvención por causa imputable á persoa solicitante.**

Así mesmo, unha vez confirmada a data e hora da visita a realizar polo persoal técnico, a non comparencia na vivenda obxecto da inspección implicará a renuncia á axuda.

As vivendas ou edificacións que dispoñan de data de construción no certificado catastral posterior ao ano 2005 (inclusive), non serán obxecto de inspección, agás que os técnicos de EVISLUSA, á vista da solicitude presentada e os datos catastrais, valoren a realización presencial da mesma. De ser o caso, a persoa solicitante achegará fotografías actuais, e tomadas con angulares amplos, de cada estancia do interior da vivenda co fin de comprobar o estado actual do inmovible. Este acto leva implícita a veracidade das imaxes aportadas pola persoa solicitante

SEXTA.- DETERMINACIÓN DOS INGRESOS, CONTÍA E DURACIÓN DAS AXUDAS. CRITERIOS DE OUTORGAMENTO E A SÚA PONDERACIÓN

O orzamento para esta finalidade é de 300.000 € con imputación á aplicación orzamentaria municipal do exercicio 2020 número 23179.48901.

Este crédito inicial poderá ser incrementado en función das necesidades e sempre suxeito á disponibilidad orzamentaria. Todo isto, conforme ao disposto no artigo 58.2 do Regulamento Xeral da Lei de Subvencións cuxa aplicación á concesión de subvencións non requirirá dunha nova convocatoria. No citado artigo 58.2 a) indica que *“resultará admisible la fijación de la cuantía adicional cuando los créditos a los que resulta imputable no estén disponibles en el momento de la convocatoria pero cuya disponibilidad se prevea obtener en cualquier momento anterior de la resolución de concesión por depender de un aumento de los créditos derivado de:*

... ..

-4º Haberse incrementado el importe del crédito disponible como consecuencia de una generación, una ampliación o una incorporación de crédito.”

As axudas de alugamento, cumpridos os requisitos esixidos, concederanse de conformidade coas contías e porcentaxes que a continuación se citan:

A contía para cada caso fixarase en función do cálculo que se efectúe sobre os ingresos ponderados da unidade de convivencia (IUC), de conformidade coa táboa prevista nestas bases. Para esta ponderación tomarase como base a declaración de ingresos (DI) achegada pola persoa solicitante referente ao primeiro semestre de 2020. Esta cantidade ponderarase atendendo ao número de membros da unidade de convivencia e circunstancias deles, aplicando os seguintes coeficientes, de xeito sucesivo e acumulado:

1.- Número de membros da unidade de convivencia (MUC).

- Dous membros: 0,95.

- Tres: 0,90.

- Catro: 0,85

- De cinco en diante: 0,80.

2.- Número de descendentes da unidade de convivencia (DUC).

- Un: 0,95.
- Dous: 0,90
- Tres: 0,85
- Catro: 0,80
- De cinco en diante: 0,75.

3.- Número de ascendentes da unidade de convivencia: (AUC).

- Unha/Un ascendente: 0,95.
- Dúas/Dous ou máis ascendentes: 0,90.

4.- Familias monoparentais con cargas familiares ou unidades de convivencia con persoas con un grado de discapacidade superior ao 65% (CF).

- Unha persoa: 0,95.
- Dúas: 0,90
- Tres: 0,85.
- Catro: 0,80
- De cinco en diante: 0,75.

De conformidade co especificado no parágrafo anterior, o cálculo dos ingresos ponderados da unidade de convivencia (IUC) expresarase na seguinte fórmula:

$$IUC = DI \times MUC \times DUC \times AUC \times CF$$

De acordo cos ingresos ponderados da unidade de convivencia, a contía da axuda virá determinada pola seguinte táboa, tendo como referencia o Índice Público de Rendas de Efectos Múltiples (IPREM) do exercicio do 2020:

IUC	Subvención (% sobre o prezo de alugueiro da vivenda)
Ata 1,00 veces o IPREM	50 %
Dende 1,01 veces o IPREM ata 1,40 veces o IPREM	40 %
Dende 1,41 veces o IPREM ata 1,75 veces o IPREM	30 %
Dende 1,76 veces o IPREM ata 2 veces o IPREM	20 %

A baremación das solicitudes terá en conta o nivel de ingresos e as circunstancias persoais.

En canto ás circunstancias persoais, terán prioridade na concesión das axudas aquelas solicitudes que estean incluídas nos seguintes grupos e co seguinte orden de prioridade:

1º Vítimas de violencia de xénero.

2º Familias monoparentais con cargas familiares.

3º Unidades de convivencia con descendentes a cargo ata os 25 anos (inclusive) e/ou con grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 65%.

4º. Unidade de convivencia formada exclusivamente por mozos ata 35 anos de idade inclusive como titulares da unidade familiar.

En ningún caso, o total da subvención superará o 50% do importe do alugamento mensual da vivenda.

SÉTIMA.- PUBLICIDADE DA CONCESIÓN

A publicación da resolución ás persoas beneficiarias publicarase na Base de Datos Nacional de Subvencións (BNDS) dacordo co disposto no art 30 do Regulamento da Ley Xeral de subvencións.

OITAVA.- DURACIÓN DA CONCESIÓN

A convocatoria destas subvencións poderá ser bianual. A subvención concédese por un período inicial de 12 meses, prorrogable ata un máximo de doce meses máis, con efectos 1 de xaneiro de 2021. Todo isto condicionado á concorrencia das seguintes circunstancias:

- Exista dispoñibilidade orzamentaria.
- A persoa solicitante cumpra os requisitos establecidos na base décimo primeira das presentes bases.

NOVENA.-LUGAR, FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

As solicitudes dos interesados, xunto coa documentación requirida, presentarase en instancia normalizada (ANEXO I) debidamente asinada no rexistro do Concello de Lugo, ou por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

No caso de serlle requirida documentación para completar o expediente ou subsanar deficiencias apreciadas na solicitude, a mesma presentarase unicamente no Rexistro da Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo S.A. (EVLUSA).

O prazo de presentación de solicitudes será de QUINCE días hábiles, contados dende o día seguinte á publicación oficial do extracto da convocatoria, na forma e nos termos previstos na Lei xeral de subvencións (artigo 17.3.b, 18 e 20.8) en relación coa Base de datos nacional de subvenciones. Así mesmo, publicarase o texto íntegro das bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e na páxina web do Concello de Lugo (www.concellodelugo.gal).

DÉCIMA.- DOCUMENTACIÓN PARA PRESENTAR COAS SOLICITUDES

No expediente das persoas interesadas deberá figurar, xunto coa solicitude, a seguinte documentación:

a) Xustificantes de datos persoais

- Fotocopia do DNI ou do pasaporte e permiso de residencia en vigor no caso de ser estranxeira, da persoa solicitante e dos membros da unidade de convivencia maiores de 16 anos.
- Fotocopia do/dos libro/s de familia, certificado de parella de feito ou partida de nacemento, segundo o caso.

b) Xustificantes de ingresos dos membros da unidade de convivencia:

A acreditación dos ingresos da unidade de convivencia realizarase mediante a achega da seguinte documentación:

- Certificación de vida laboral expedida pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social de todos os membros da unidade de convivencia maiores de 16 anos.

Aquelas persoas que formando parte da unidade de convivencia, non estean obrigadas a presentar a declaración de IRPF e perciban rendas salariais, acreditarán os seus ingresos mediante a seguinte documentación:

Traballadores/as por conta propia:

- Xustificante das declaracións a conta do IRPF correspondente aos dous primeiros trimestres do 2020.

No caso de cese de actividade, certificado expedido pola Axencia Estatal da Administración Tributaria na que se inclúa a data de iniciodo cese da actividade.

Traballadores/as por conta allea:

- Copia das nóminas dos ingresos brutos percibidos nos seis primeiros meses do ano 2020, incluídas pagas extras e liquidacións por fin de contrato, se procede.
- De ser o caso, certificado de empresa na que se acredite que as persoas solicitantes foron incluídas nun ERTE como consecuencia do impacto do COVID-19, no que figure a data de inicio da citada situación.

Desempregados/as:

- Certificación do Servizo Público de Empleo Estatal das prestacións percibidas durante os seis primeiros meses do ano 2020 ou certificación deste de non percepción de prestacións de todos os membros da unidade familiar maiores de 16 anos.

- **Se non son beneficiarios/as de prestación por desemprego:** certificado da Xefatura Territorial da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia das prestacións recibidas durante o último exercicio económico vencido con anterioridade á data da convocatoria ou certificación deste de non percepción de prestacións de todos os membros da unidade familiar maiores de 16 anos.

Beneficiarios do Salario Mínimo Vital

Copia da Resolución do INSS da concesión ou no seu defecto copia da solicitude.

Persoas que estean a cotizar ao Réxime Especial de Empregados de Fogar

- Xustificante dos ingresos recibidos nos primeiros seis meses do ano 2020 e copia dos recibos nos que se indiquen as bases de cotización do mesmo período.

Pensionistas:

- Certificación acreditativa das cantidades percibidas durante os primeiros seis meses do ano 2020. No caso de non percibir pensión e ser maior de 65 anos, certificación negativa de non percepción de pensión expedida pola Seguridade Social e certificación da Xefatura Territorial da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia das prestacións recibidas durante os primeiros seis meses do ano.

En caso de separación ou divorcio:

- Extracto da conta bancaria no que consten os ingresos percibidos ou aboados, nos seis primeiros meses do ano 2020, en concepto de pensión alimenticia e/ou compensatoria, e de ser o caso, denuncia xudicial por falta de pagamento actualizada. No suposto de aboamento de pensión compensatoria ou alimenticia, poderase acreditar tamén mediante descontos en nómina.

As persoas non incluídas nalgún dos parágrafos anteriores deberán achegar a documentación que acredite os ingresos percibidos durante o último exercicio económico vencido con anterioridade á data da convocatoria.

Aqueloutros que EVISLUSA considere convenientes para a valoración económica do expediente.

c) Xustificantes de alugamento en vigor:

- Fotocopia do contrato de alugamento vixente na data de presentación da solicitude, con mención expresa da referencia catastral da vivenda obxecto do contrato, ou no seu defecto, certificación catastral da vivenda obxecto de aluguer, podendo ser obtida de oficio por EVISLUSA previa autorización da persoa solicitante.

Para os contratos posteriores ao 1 de xuño de 2013, debe estar indicada a posesión do Certificado de Eficiencia Enerxética ou no seu defecto, declaración responsable do propietario da vivenda de que está en posesión do dito certificado.

- Fotocopia dos 2 últimos xustificantes de pago de alugamento. No caso de vir incluídos no importe do alugamento todos ou algúns dos gastos a que se refire a base quinta, parágrafo 2 desta convocatoria, o cálculo da renda calcularase segundo o estipulado na base quinta.

d) Xustificantes de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias:

- Certificación da Tesourería Xeral da Seguridade Social e da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de todos os membros da unidade de convivencia maiores de 16 anos.

e) Xustificantes de antigos/as residentes que desexen regresar a Lugo:

- Certificación ou xustificante que acredite o abandono do municipio (Padrón histórico do Concello de Lugo e copia dos contratos laborais ou certificado de empresa ou xustificante de estudos do período no que non estaba empadroadado/a no Concello de Lugo).

f) Xustificantes de separación ou divorcio:

- Fotocopia da sentenza xudicial de separación ou de divorcio e convenio regulador, ou medidas paterno-filiais, segundo o caso, na que conste o importe de pensión alimenticia e/ou compensatoria así como o uso da vivenda conxugal.

- No suposto de que un proxenitor teña a garda e custodia exclusiva ou total das fillas e fillos e non perciba a pensión alimenticia establecida xudicialmente, deberá presentar a sentenza condenatoria por impago de alimentos, ou no defecto, acreditar esta circunstancia mediante certificado da/do letrada/o da Administración de xustiza, dilixencia, providencia ou documento análogo do xulgado que acredite que o procedemento de reclamación alimenticia está en curso. Este documento deberá ter data de expedición dentro dos tres meses anteriores a data de presentación de solicitudes.

g) Xustificantes de familia monoparental:

- Declaración responsable de non constituír unión estable de parella ou manter unha relación análoga á conxugal, así como de non ter contraído matrimonio con outra persoa.

h) Xustificantes de membros da unidade de convivencia con discapacidade:

- Certificado do grado de discapacidade.

i) Xustificantes de membros da unidade de convivencia en que exista algunha vítima de violencia de xénero:

- Certificación da orde de protección ou medida cautelar, testemuño ou copia autenticada da/do letrada/o da Administración de Xustiza da propia orde de protección ou media cautelar.

- Resolución xudicial que declare a existencia de violencia de xénero.

- Certificación e/ou informe dos servizos sociais da Administración pública ou local.

j) Xustificantes para presentar polas persoas sen vínculos familiares que conxuntamente habitan unha vivenda de forma habitual, permanente e estable:

- Declaración responsable da persoa arrendataria da vivenda acreditativa de que non se trata dun subarrendo.

k) Declaración responsable da unidade de convivencia na que faga constar que non se encontra inhabilitada nin está incurso ou afectada por ningunha das prohibicións para obter subvencións públicas, previstas no artigo 10 da Lei 7/2003, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia nin o artigo 13 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

J) Declaración responsable de todos os membros da unidade de convivencia maiores de 16 anos na que faga constar que:

- Non foi obxecto de desafiuzamento, lanzamento ou denegación de renovación de contrato de alugamento dunha vivenda de titularidade pública nos últimos cinco anos.
- Ningún membro da unidade de convivencia ten coa persoa arrendadora relación de parentesco ata o terceiro grao de consanguinidade ou afinidade inclusive.
- Ningún membro da unidade de convivencia dispón de vivenda en propiedade no municipio de Lugo ou de dereito real de uso e desfrute sobre outra vivenda na provincia de Lugo.
- Ningún membro da unidade de convivencia estea recibindo axudas ou subvención coa mesma finalidade que a destas bases.

DÉCIMO PRIMEIRA.- SOLICITUDE DE PRÓRROGA. PRAZO, DOCUMENTACIÓN E DETERMINACIÓN DOS INGRESOS.

Durante o mes de novembro de 2021, a persoa solicitante deberá presentar a solicitude de prórroga para o segundo período segundo o modelo normalizado (anexo II).

Así mesmo, e con data límite 30 de novembro de 2021, deberá achegar xunto coa solicitude a seguinte documentación:

- Certificacións de todos os membros da unidade de convivencia de non ter débedas fiscais coa Delegación de Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia, coa Tesourería Territorial da Seguridade Social.
- Xustificantes dos ingresos do último exercicio vencido e informe de vida laboral das persoas membros da unidade de convivencia maiores de 16 anos.
- Declaración responsable de cumprir todos os requisitos establecidos na base cuarta agás no apartado e).

Para a determinación de ingresos terase en conta a suma dos ingresos brutos anuais de calquera natureza (rendementos do traballo persoal, actividades económicas, pensións, etc.) percibidos durante o último exercicio económico vencido, pola unidade de convivencia non sexa inferior a 0,5 veces o índice público de rendas de efectos múltiples (IPREM) do dito exercicio, nin supere dúas veces o dito índice.

Estarán exentos dos mínimos esixidos as seguintes unidades de convivencia:

- Persoas beneficiarias de prestacións sociais periódicas: pensións non contributivas (PNC, renda activa de Inserción, salario da liberdade, renda de Integración social de Galicia- RISGA, orfandade...) nos que o mínimo esixido é o importe destas prestacións no exercicio económico correspondente.
- Persoas beneficiarias de prestacións de desemprego a nivel contributivo e asistencial, sempre que a unidade familiar da que formen parte careza de rendementos.
- Persoas beneficiarias do salario mínimo vital.
- Persoas vítimas de violencia de xénero.

A non presentación da solicitude de prórroga e da documentación dentro do prazo establecido será considerada como a renuncia á dita axuda.

A presentación da solicitude de subvención ou de prórroga implica a aceptación destas bases polas persoas interesadas.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da prórroga da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación desta resolución.

Unha vez achegada toda a documentación, EVISLUSA comprobará que as persoas solicitantes reúnen todos os requisitos recollidos nestas bases, realizará os informes previos de valoración dos ingresos ponderados, e calculará a contía da axuda que corresponde para a segunda anualidade.

DÉCIMO SEGUNDA.- INSTRUCCIÓN DO PROCEDEMENTO

O procedemento para a concesión de subvencións previstas nestas bases axustarase ao establecido nos artigos 28, 29 e 30 da Ordenanza municipal reguladora de subvencións do Excmo. Concello de Lugo, coas seguintes precisións:

1.- A Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo, S.A. (EVISLUSA), encargada da tramitación dos expedientes, comprobará que estes reúnen todos os requisitos recollidos nestas bases. De non ser así, requiriráselle á persoa interesada que, nun prazo de dez días, achegue os documentos preceptivos ou corrixa as deficiencias, indicándolle que se non se fixese así, de acordo co artigo 68.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se lle terá por desistida da súa petición, logo da resolución, que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 21 da mesma lei.

2.- Rematado o prazo de admisión de solicitudes e de chegada de documentación solicitada, os técnicos da Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo, S.A. (EVLUSA), realizarán inspección técnica das vivendas para informar sobre as súas condicións de habitabilidade, e realizará os informes previos de valoración dos ingresos ponderados, segundo estas bases, e calculará a contía da axuda que corresponde.

3.- A comisión de avaliación, constituída para o efecto, terá a seguinte composición:

PRESIDENTE/A:

Un/Unha técnico/a adscrita ao servizo de Benestar social Igualdade e Inclusión ou persoal que o substitúa.

VOGAIS:

- A persoa que desempeñe o posto de Director Xerente de EVLUSA, con voz e sen voto.
- Arquitecta/o de EVLUSA, (aparellador) con voz e sen voto.
- Titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local (Vicesecretaria) ou persoa que o substitúa.
- Un/Unha técnico/a do Servizo de Intervención ou persoal que o substitúa.
- Un/Unha técnico/a adscrita ao servizo de Benestar social Igualdade e Inclusión ou persoal que o substitúa.

SECRETARIO/A: un/unha funcionario/a municipal e que levantará acta da xuntanza da comisión avaliadora.

Correspóndelle a esta comisión avaliadora a realización das seguintes funcións:

- Coñecer e aprobar o informe de avaliación elaborado por EVLUSA sobre o número de solicitudes presentadas, as valoradas, as incidencias nas valoracións, as puntuacións e as contías das subvencións propostas.
- Requirir, se fose necesario, documentación e/ou informes complementarios.

Correspóndelle á unidade administrativa elevar, en consonancia co informe da comisión, a correspondente proposta de resolución ao órgano competente para resolver o procedemento.

DÉCIMO TERCEIRA.- ÓRGANO COMPETENTE PARA RESOLVER E PRAZO DE RESOLUCIÓN

No referente ao órgano competente para resolver o procedemento dos expedientes de subvencións en réxime de concorrencia competitiva estarase ao disposto no réxime competencial vixente e correspondente ao Concello de Lugo.

O prazo para resolver é de un mes contado a partir da data de emisión do informe pola comisión avaliadora. Esta resolución terá que ser motivada segundo establece o artigo 29 da Ordenanza municipal reguladora da concesión de subvencións.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de seis meses, contados a partir do día seguinte ao do remate para a presentación de solicitudes. O vencemento do prazo máximo sen notificar a resolución lexitima ás persoas interesadas para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

A resolución poñerá fin á vía administrativa, e contra ela as persoas interesadas poderán interpoñer recurso ante o órgano que a ditou ou, alternativamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo.

Unha vez notificada a resolución, a aceptación da subvención por parte das persoas solicitantes, entenderase efectuada se, no prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte hábil ao da notificación da subvención, aqueles non renunciaran a ela mediante escrito dirixido á Empresa Municipal de Vivenda e Solo (EVLUSA).

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Non se admitirá reformulación das solicitudes.

DÉCIMO CUARTA.- FORMA E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN. PAGAMENTO

O Concello de Lugo transferiralle á persoa beneficiaria o importe da axuda concedida durante o tempo de vixencia desta, tras a proposta de pagamento presentada por EVLUSA que deberá levar un libro contable específico por cada axuda e para a totalidade do programa.

Para proceder ao aboamento da subvención, a persoa beneficiaria deberá entregar nas oficinas de EVLUSA todos os meses, coa data límite do día 12 (engadido), ben de forma presencial ou por medios telemáticos, **o orixinal do documento bancario** que acredite o pago realizado á/ao propietaria/o en concepto de alugamento mensual da vivenda. Se transcorrido o citado prazo non se achegase o xustificante correspondente, perderase o dereito a que lle sexa aboada a subvención dese mes, salvo causas de forza maior debidamente xustificadas.

Soamente se consideran válidos os documentos bancarios nos que se acredite o pagamento da totalidade do alugamento mensual, e nos que se poida comprobar que, tanto o importe do aluguer como a conta bancaria de

destino corresponde cos reflectidos no contrato de aluguer. Así mesmo, o pago deberá ser efectuado pola persoa beneficiaria ou na súa falta, por unha persoa membro da súa unidade de convivencia. con indicación da persoa titular da subvención, propietaria da vivenda, concepto, mensuralidade e prezo de alugamento.

Non se realizarán pagos a conta nin anticipados.

Excepcionalmente, poderá presentarse un acordo entre o propietario/a e inquilino/a de moratoria no pago da renda temporal e extraordinario, que en ningún caso afectará a máis de tres meses por anualidade. O prazo límite para a xustificación do aboamento das mensuralidades aprazadas e non perder o dereito ao cobro da subvención correspondente cos devanditos meses, será o 12 de decembro do ano de devengo.

DÉCIMO QUINTA.- CAUSAS DE REVOGACIÓN E REINTEGRO DA AXUDA

Procederá a revogación da subvención e o reintegro das cantidades percibidas, ademais da esixencia do xuro legal que resulte da aplicación dende o momento do aboamento da subvención, cando concorra algunha das circunstancias que se detallan a continuación:

- A achega de datos falsos que induzan a erro na documentación presentada e na correspondente resolución.
- O incumprimento das obrigas estipuladas na base decimo sétima.
- A non achega do correspondente xustificante bancario de aboamento da renda mensual de alugamento durante tres mensuralidades consecutivas ou seis alternas.
- En xeral, o incumprimento de calquera outra estipulación ou obriga contida nestas bases ou na Ordenanza municipal do Concello de Lugo reguladora da concesión de subvencións.

DÉCIMO SEXTA.- COMPATIBILIDADE DAS AXUDAS

Ningunha das persoas que habitan a vivenda obxecto da subvención poderá recibir subvención nin axuda económica estatal, autonómica nin municipal en concepto de vivenda mentres perciba a subvención obxecto destas bases, nin de calquera outro programa privado de axuda ao alugueiro. Quedan excluídas deste requisito:

- Os perceptores de pensións non contributivas que se beneficien do complemento fixado no Real decreto 1191/2012, do 3 de agosto, polo que se establecen as normas para o recoñecemento do complemento de pensión para o alugueiro de vivenda a favor dos pensionistas da Seguridade Social na súa modalidade non contributiva.

DÉCIMO SÉTIMA.- OBRIGAS DAS PARTES

As persoas beneficiarias das axudas de alugamento asumirán os seguintes compromisos:

- O aboamento mensual, á/ao arrendadora/or, da renda establecida.
- Destinar a vivenda a domicilio habitual e permanente.
- Autorizarlle a EVISLUSA para que inspeccione a vivenda co fin de comprobar o uso axeitado desta.
- O mantemento da vivenda en condicións axeitadas de hixiene e salubridade.
- A comunicación a EVISLUSA por escrito calquera eventualidade ou cambio nos datos achegados para a concesión da subvención, referidos á redución ou incremento do número de integrantes da unidade de convivencia, o cambio de domicilio e calquera variación no importe do alugueiro. Adquisición da nacionalidade española. No caso de cambio de domicilio, os técnicos de EVISLUSA farán a correspondente inspección técnica da vivenda para verificar o seu cumprimento, e axustarase a cuantía da subvención ao novo aluguer debendo ser igual ou inferior a que viña percibindo.
- Manterse ao corrente no pagamento de tributos (impostos, taxas, contribucións especiais), prezos públicos e sancións do Concello de Lugo.
- Non percibir, durante o período de desfrute da subvención, outras axudas ou subvencións xestionadas por outras administracións que repercutan no mesmo concepto. Exceptúase desta incompatibilidade o previsto para os perceptores de pensións non contributivas na cláusula décimo sexta.
- A persoa arrendataria non poderá subarrendar a vivenda nin alugar habitacións dela.
- Achegar calquera documentación necesaria, e que fose requirida polo Concello ou EVISLUSA, para o seguimento da subvención.
- Se durante a vixencia do programa a persoa beneficiaria comunica cambio de vivenda unha vez alugada, todos os membros da unidade de convivencia deberán actualizar o seu empadramento comunicando esta circunstancia, a cal será comprobada de oficio.
- Dispoñer dunha conta bancaria co obxecto de percibir as transferencias correspondentes en concepto de subvención.

O Concello asumirá o compromiso de aboarlle mensualmente á persoa beneficiaria da subvención a cantidade aprobada como axuda para o alugamento.

DECIMO OITAVA.-XESTIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCÍONS, CONTROL DAS SUBVENCÍONS, INFRACCIÓN E SANCÍONS

Para o non previsto nestas bases, estarase ao disposto nos artigos 30 a 40, ambos os dous incluídos, da Ordenanza municipal reguladora da concesión de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, xeral de subvencións.

DECIMO NOVENA.- RECURSOS

As persoas interesadas poderán interpoñer contra estas bases recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o órgano que lles preste a súa aprobación ou, alternativamente, recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o Xulgado de Lugo da dita xurisdición, contándose ambos os dous prazos dende o día seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial de Provincia.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

Autorízase a publicación de materiais informativos e divulgativos deste programa de fomento da vivenda en alugamento.

ANEXOS I, II e III.

ANEXO I

 <b style="font-size: 24px; margin-left: 10px;">Concello de Lugo
SOLICITUDE DE AXUDA AO ALUGAMENTO DE VIVENDA

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME e APELIDOS ou RAZÓN SOCIAL:		NIF/NIE:	
ENDEREZO:		CONCELLO:	
PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:	TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:
<input type="checkbox"/> Autorízolle ao Concello de Lugo para que me informe mediante SMS ou correo electrónico do estado desta solicitude así como doutro tipo de avisos relacionados que me poidan resultar de interese.			

DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE (no caso de actuar por medio de representante)

NOME e APELIDOS ou RAZÓN SOCIAL:		NIF/NIE:	
TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:		
DOCUMENTO QUE ACREDITA A REPRESENTACIÓN:			

ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

ENDEREZO:		CONCELLO:	
PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:	ENDEREZO DE NOTIFICACIÓN TELEMÁTICA:	

MEMBROS DA UNIDADE DE CONVIVENCIA

NOME E APELIDOS	PARENTESCO	ESTADO CIVIL	DATA DE NACEMENTO	DNI

SOLICITA

AXUDA AO ALUGAMENTO DE VIVENDA

Lugo,..... de de 2020

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Asdo.:

DECLARA RESPONSABLEMENTE, que:

- Todos os membros da súa unidade de convivencia residen e están empadroados no termo municipal de Lugo e a persoa solicitante, ademais, está empadroadada cunha antigüidade mínima de UN ANO con anterioridade á data da convocatoria.
- Ningún membro da unidade de convivencia optou a outras axudas concedidas por organismos oficiais para adquisición ou alugamento de vivenda e que non é beneficiaria/o de ningún outro programa público ou privado de axudas ao alugamento de vivendas, coa excepción do contemplado na base décimo sexta das bases reguladoras.
- Non foi obxecto de desafiuamento, lanzamento ou denegación de renovación de contrato de alugamento dunha vivenda de titularidade pública nos últimos cinco anos.
- Ningún membro da unidade de convivencia ten coa persoa arrendadora relación de parentesco ata o terceiro grao de consanguinidade ou afinidade inclusive.
- A vivenda está en boas condicións de habitabilidade e que reúne os requisitos esixidos nestas bases.
- A vivenda para a que se solicita a axuda constitúe a súa vivenda habitual.
- Todos os membros da unidade de convivencia non teñen débedas pendentes nin coa Facenda Estatal, Facenda Autonómica, Seguridade Social, nin co Concello de Lugo.
- Non se atopa inhabilitada nin incurso en ningunha das prohibicións para a obtención da subvención previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Ningún membro da unidade de convivencia dispón de vivenda en propiedade no municipio de Lugo ou de dereito real de uso e disfrute sobre outra vivenda na provincia de Lugo.
- Os datos expresados nesta solicitude son certos, polo que se fai responsable das inexactitudes ou erros que conteña.
- Autorízolle expresamente ao Concello de Lugo para comprobar e verificar os datos e informacións declaradas.
- Autorízolle á Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo, S.A a comprobar e verificar os datos e informacións declaradas e recabar certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Dirección Xeral do Catastro que as bases reguladoras requiran aportar.

Lugo,.....de.....de 2020

(Sinatura da persoa solicitante e de todos os membros da unidade de convivencia maiores de 16 anos)

Conforme ao establecido na Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal, informámoslle que os datos que se solicitan neste formulario pasarán a formar parte dun ficheiro debidamente inscrito na Axencia Española de Protección de Datos. Coa firma deste formulario vostede presta consentimento para o tratamento destes. Pode exercer os dereitos de oposición, acceso, rectificación e cancelación dirixíndose á Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo, S.A. (EVLUSA) coa súa solicitude e fotocopia do seu DNI.

XUSTIFICANTES DOCUMENTAIS PARA PRESENTAR COA SOLICITUDE:**a) Xustificantes de datos persoais**

- Fotocopia do DNI ou do pasaporte e permiso de residencia no caso de ser estranxeira, da persoa solicitante e dos membros da unidade de convivencia maiores de 16 anos.
- Fotocopia do/dos libro/s de familia, certificado de parella de feito ou partida de nacemento, segundo o caso.

b) Xustificantes de ingresos dos membros da unidade de convivencia:

A acreditación dos ingresos da unidade de convivencia realizarase mediante a achega da seguinte documentación:

- Certificación de vida laboral expedida pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social de todos os membros da unidade de convivencia maiores de 16 anos.

Aquelas persoas que formando parte da unidade de convivencia, non estean obrigadas a presentar a declaración de IRPF e perciban rendas salariais, acreditarán os seus ingresos mediante a seguinte documentación:

Traballadores/as por conta propia:

- Xustificante das declaracións a conta do IRPF correspondente aos dous primeiros trimestres do 2020.

No caso de cese de actividade, certificado expedido pola Axencia Estatal da Administración Tributaria na que se inclúa a data de inicio do cese da actividade.

Traballadores/as por conta allea:

- Copia das nóminas dos ingresos brutos percibidos nos seis primeiros meses do ano 2020, incluídas pagas extras e liquidacións por fin de contrato, se procede.
- De ser o caso, certificado de empresa na que se acredite que as persoas solicitantes foron incluídas nun ERTE como consecuencia do impacto do COVID-19, no que figure a data de inicio da citada situación.

Desempregados/as:

- Certificación do Servicio Público de Empleo Estatal das prestacións percibidas durante os seis primeiros meses do ano 2020 ou certificación deste de non percepción de prestacións de todos os membros da unidade familiar maiores de 16 anos.
- Se non son beneficiarios/as de prestación por desemprego: certificado da Xefatura Territorial da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia das prestacións recibidas durante o último exercicio económico vencido con anterioridade á data da convocatoria ou certificación deste de non percepción de prestacións de todos os membros da unidade familiar maiores de 16 anos.

Beneficiarios do Salario Mínimo Vital

Copia da Resolución do INSS da concesión ou no seu defecto copia da solicitude.

Persoas que estean a cotizar ao Réxime Especial de Empregados de Fogar

- Xustificante dos ingresos recibidos nos primeiros seis meses do ano 2020 e copia dos recibos nos que se indiquen as bases de cotización do mesmo período.

Pensionistas:

- Certificación acreditativa das cantidades percibidas durante os primeiros seis meses do ano 2020. No caso de non percibir pensión e ser maior de 65 anos, certificación negativa de non percepción de pensión expedida pola Seguridade Social e certificación da Xefatura Territorial da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia das prestacións recibidas durante os primeiros seis meses do ano.

En caso de separación ou divorcio:

- Extracto da conta bancaria no que consten os ingresos percibidos ou aboados, nos seis primeiros meses do ano 2020, en concepto de pensión alimenticia e/ou compensatoria, e de ser o caso, denuncia xudicial por falta de pagamento actualizada. No suposto de aboamento de pensión compensatoria ou alimenticia, poderase acreditar tamén mediante descontos en nómina.

As persoas non incluídas nalgún dos parágrafos anteriores deberán achegar a documentación que acredite os ingresos percibidos durante o último exercicio económico vencido con anterioridade á data da convocatoria.

Aqueloutros que EVISLUSA considere convenientes para a valoración económica do expediente.

c) Xustificantes de arrendamento en vigor:

- Fotocopia do contrato de alugamento vixente na data de presentación da solicitude, con mención expresa da referencia catastral da vivenda obxecto do contrato, ou no seu defecto, certificación catastral da vivenda obxecto de aluguer, podendo ser obtida de oficio por EVISLUSA previa autorización da persoa solicitante.

Para os contratos posteriores ao 1 de xuño de 2013, debe estar indicada a posesión do Certificado de Eficiencia Enerxética ou no seu defecto, declaración responsable do propietario da vivenda de que está en posesión do dito certificado.

- Fotocopia dos 2 últimos xustificantes de pago de alugamento. No caso de vir incluídos no importe do alugamento todos ou algúns dos gastos a que se refire a base quinta, parágrafo 2 desta convocatoria, o cálculo da renda calcularase segundo o estipulado na base quinta.

d) Xustificantes de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias:

- Certificación da Tesourería Xeral da Seguridade Social e da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de todos os membros da unidade de convivencia maiores de 16 anos.

e) Xustificantes de antigos/as residentes que desexen regresar a Lugo:

- Certificación ou xustificante que acredite o abandono do municipio (Padrón histórico do Concello de Lugo e copia dos contratos laborais ou certificado de empresa ou xustificante de estudos do período no que non estaba empadroad/a no Concello de Lugo).

f) Xustificantes de separación ou divorcio:

- Fotocopia da sentenza xudicial de separación ou de divorcio e convenio regulador, ou medidas paterno-filiais, segundo o caso, na que conste o importe de pensión alimenticia e/ou compensatoria así como o uso da vivenda conxugal.

- No suposto de que un proxenitor teña a garda e custodia exclusiva ou total das fillas e fillos e non perciba a pensión alimenticia establecida xudicialmente, deberá presentar a sentenza condenatoria por impago de alimentos, ou no defecto, acreditar esta circunstancia mediante certificado da/do letrada/o da Administración de xustiza, dilixencia, providencia ou documento análogo do xulgado que acredite que o procedemento de reclamación alimenticia está en curso. Este documento deberá ter data de expedición dentro dos tres meses anteriores a data de presentación de solicitudes.

g) Xustificantes de familia monoparental:

- Declaración responsable de non constituír unión estable de parella ou manter unha relación análoga á consugal, así como de non ter contraído matrimonio con outra persoa.

h) Xustificantes de membros da unidade de convivencia con discapacidade:

- Certificado de discapacidade.

i) Xustificantes de membros da unidade de convivencia en que exista algunha vítima de violencia de xénero:

- Certificación da orde de protección ou medida cautelar, testemuño ou copia autenticada da/do letrada/o da Administración de Xustiza da propia orde de protección ou media cautelar.

- Resolución xudicial que declare a existencia de violencia de xénero.

- Certificación e/ou informe dos servizos sociais da Administración pública ou local.

j) Xustificantes para presentar polas persoas sen vínculos familiares que conxuntamente habitan unha vivenda de forma habitual, permanente e estable:

- Declaración responsable da persoa arrendataria da vivenda acreditativa de que non se trata dun subarrendo.

k) Declaración responsable da unidade de convivencia na que faga constar que non se encontra inhabilitada nin está incurso ou afectada por ningunha das prohibicións para obter subvencións públicas, previstas no artigo 10 da Lei 7/2003, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia nin o artigo 13 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

l) Declaración responsable de todos os membros da unidade de convivencia maiores de 16 anos na que faga constar que:

- Non foi obxecto de desafiuzamento, lanzamento ou denegación de renovación de contrato de alugamento dunha vivenda de titularidade pública nos últimos cinco anos.
- Ningún membro da unidade de convivencia ten coa persoa arrendadora relación de parentesco ata o terceiro grao de consanguinidade ou afinidade inclusive.
- Ningún membro da unidade de convivencia dispón de vivenda en propiedade no municipio de Lugo ou de dereito real de uso e desfrute sobre outra vivenda na provincia de Lugo.
- Ningún membro da unidade de convivencia estea a recibir axudas ou subvención coa mesma finalidade que a destas bases.

ANEXO II

 Concello de Lugo	
SOLICITUDE DE PRÓRROGA DA AXUDA AO ALUGAMENTO DE VIVENDA	

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME e APELIDOS:		NIF/NIE:	
ENDEREZO:		CONCELLO:	
PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:	TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:
<input type="checkbox"/> Autorízolle ao Concello de Lugo para que me informe mediante SMS ou correo electrónico do estado desta solicitude así como doutro tipo de avisos relacionados que me poidan resultar de interese.			

SOLICITA

A PRÓRROGA DA AXUDA AO ALUGAMENTO DE VIVENDA PARA O SEGUNDO PERÍODO ANUALIDADE 2020

- Declaro responsablemente que:

- Todos os membros da miña unidade de convivencia cumpren todos os requisitos establecidos na base décimo primeira das reguladoras da concesión de subvencións para alugamento de vivendas en Lugo. Exercicio económico 2020.

- Non se solicitan nin se reciben outras axudas para adquisición ou alugamento de vivenda, e que non son persoa beneficiaria de programa público ou privado de axudas ao alugamento de vivendas.

- Non son persoa inhabilitada nin incurso nas causas de prohibicións para a obtención da subvención previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

- Todos os datos expresados nesta solicitude son certos, polo que me fago responsable das inexactitudes ou erros que conteña.

- Autorízolle expresamente ao Concello de Lugo a comprobar a verificación dos datos e informacións declaradas, así como a de non ter débedas fiscais.

- Autorízolle á Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo, S.A a comprobar e verificar os datos e informacións declaradas e recabar certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Dirección Xeral do Catastro que as bases reguladoras requiran aportar.

Lugo, de de 2021

(Sinatura da persoa solicitante e todos os membros da unidade de convivencia maiores de 16 anos)

Asdo.:_____

DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁ ACOMPAÑAR CON ESTA SOLICITUDE:

- Certificacións de todos os membros da unidade de convivencia maiores de 16 anos de non ter débedas fiscais coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Delegación de Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia, coa Tesourería Territorial da Seguridade Social.

- Xustificantes dos ingresos do último exercicio vencido e informe de vida laboral das persoas membros da unidade de convivencia maiores de 16 anos.

- Aqueloutros documentos que se consideren necesarios.

De acordo coa Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal, informámoslle de que os datos que se solicitan neste formulario pasarán a formar parte dun ficheiro debidamente inscrito na Axencia Española de Protección de Datos. Coa firma deste formulario vostede presta consentimento para o tratamento destes. Pode exercer os dereitos de oposición, acceso, rectificación e cancelación dirixíndose á Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo, S.A. (EVISLUSA), coa súa solicitude e fotocopia do seu DNI.

ANEXO III

 Concello de Lugo	
RENUNCIA EXPLÍCITA Á PRÓRROGA DA AXUDA AO ALUGAMENTO DE VIVENDA.	

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME e APELIDOS:		NIF/NIE:	
ENDEREZO:		CONCELLO:	
PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:	TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:

<p>PRESENTO A RENUNCIA Á PRÓRROGA DA AXUDA AO ALUGAMENTO DE VIVENDA PARA O SEGUNDO PERÍODO ANUALIDADE 2020</p>
--

E para que conste e produza os efectos oportunos asino esta renuncia.

Lugo, de de 2021
 (Sinatura da persoa solicitante)

Asdo.:_____

De acordo coa Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal, informámoslle de que os datos que se solicitan neste formulario pasarán a formar parte dun ficheiro debidamente inscrito na Axencia Española de Protección de Datos. Coa firma deste formulario vostede presta consentimento para o tratamento destes. Pode exercer os dereitos de oposición, acceso, rectificación e cancelación dirixíndose á Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo, S.A. (EVISLUSA) coa súa solicitude e fotocopia do seu DNI.”

Lugo, 9 de novembro de 2020.- A CONCELLEIRA DELEGADA DE BENESTAR SOCIAL, INCLUSION E PERSOAS MAIORES, Olga López Racamonde.

R. 2783

NEGUEIRA DE MUÑIZ

Anuncio

Aprobación inicial Ordenanza reguladora das bases para as axudas con destino ao fomento da natalidade e fixación da poboación no Concello de Negueira de Muñiz

En sesión plenaria de 1 de outubro de 2020, prestase aprobación inicial á inicial Ordenanza reguladora das bases para as axudas con destino ao fomento da natalidade e fixación da poboación do Concello de Negueira de Muñiz.

En cumprimento do referido acordo de aprobación inicial o de imperativo legal do que resulta, esta resolución sométese a exposición publica por prazo de 30 días hábiles mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia a efectos de exame e alegacións.

Durante o devandito prazo o expediente poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. No suposto de non presentarse alegacións, o acordo de aprobación inicial quedará elevado a definitivo de forma automática.

Negueira de Muñiz, 05 de novembro de 2020.- O Alcalde, Jose Manuel Braña Pereda.

R. 2740

PANTÓN

Anuncio

PROCESO SELECTIVO PARA CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, EN RÉXIME DE INTERINIDADE E A XORNADA COMPLETA, DUNHA (1) PERSOA TRABALLADORA PARA A CATEGORÍA PROFESIONAL DE PEÓN (PERSOAL DE OFICIOS ILUMINACIÓN PÚBLICA) E A CONSTITUCIÓN DA CORRESPONDENTE BOLSA DE EMPREGO PARA A COBERTURA DUNHA VACANTE CON CARÁCTER TEMPORAL, POR CONCURSO DE VALORACIÓN DE MÉRITOS. EXPEDIENTE 742/2020.

O Alcalde do Concello de Pantón, por Decreto do 02.11.2020, resolveu convocar o proceso selectivo para contratación laboral temporal, en réxime de interinidade e a xornada completa, dunha (1) persoa traballadora para a categoría profesional de peón (Persoal de oficios iluminación pública) e a constitución da correspondente bolsa de emprego para a cobertura de vacantes con carácter temporal, ao obxecto de cubrir a situación de baixa laboral existente no cadro de persoal, así como cubrir de forma áxil os períodos de vacacións, baixas, permisos, licenzas e outras necesidades circunstanciais do servizo, polo sistema de concurso de valoración de méritos, abríndose o prazo de presentación de instancias, que será de CINCO (5) DÍAS HÁBILES a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

No taboleiro de anuncios da Casa do Concello de Pantón e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Pantón (<https://panton.sedelectronica.gal/info.0>), aparecen integramente publicadas as bases que han de rexer a convocatoria do proceso selectivo de referencia.

Así mesmo, os sucesivos anuncios desta convocatoria, cando procedan de conformidade coas bases, publicaranse no taboleiro de anuncios da Casa do Concello de Pantón e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Pantón (<https://panton.sedelectronica.gal/info.0>).

Contra a convocatoria e as bases reguladoras, que poñen fin á vía administrativa, pódese interpoñer alternativamente ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes para contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, ante o Alcalde deste Concello, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo con sede en Lugo, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolvido expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

Pantón, 2 de novembro de 2020.- O alcalde, José Luis Álvarez Blanco.

R. 2729

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA**XULGADO SOCIAL N.º 2 LEÓN***Anuncio*

D^a CARMEN RUIZ MANTECON, Letrado de la Administración de Justicia del Juzgado de lo Social nº 002 de LEON, HAGO SABER:

Que en el procedimiento EJECUCION DE TITULOS JUDICIALES 0000222/2019 de este Juzgado de lo Social, seguidos a instancia de D VALENTIN LIBERATO GARCIA contra la empresa INDECO LUGO SCP, sobre DESPIDO, se ha dictado la siguiente resolución, cuya parte dispositiva se adjunta:

PARTE DISPOSITIVA

Dispongo: declarar extinguida con fecha de la presente la relación laboral que unía a VALENTIN LIBERATO GARCIA con la empresa INDECO LUGO SCP.

Condenando a la empresa a que abone al trabajador /a la indemnización fijada en la sentencia (136,04), que devengarán interés legal incrementado en 2 puntos desde sentencia.

Más los salarios de tramitación dejados de percibir desde la fecha de despido (3 de abril 2019) hasta la fecha de este auto

Código Seguro de Verificación E04799402-MI:zUUr-jmJS-JprH-uaBQ-Y Puede verificar este documento en <https://www.administraciondejusticia.gob.es>

a 49,47 diarios, que devengarán interés de demora al 10% anual, (deducido, si hubiera encontrado otro empleo, lo percibido y sin perjuicio de la incompatibilidad con otras percepciones: desempleo, i.t., debiendo regularizarse tal situación en su caso).

El FOGASA responderá subsidiariamente en los términos previstos en el art. 33 del E.T. en caso de insolvencia o concurso del empresario.

MODO DE IMPUGNACIÓN: Mediante recurso de reposición a interponer ante este órgano judicial, en el plazo de los **TRES DÍAS** hábiles: para recurrir sea necesario la consignación de las cantidades objeto de condena o su aseguramiento.

Archívense las actuaciones una vez firme esta resolución.

Incorpórese el original al Libro de autos, dejando certificación del mismo en el procedimiento de su razón. Así lo acuerda y firma SS^a. Doy fe.

EL/LA MAGISTRADO/A JUEZ. EL LTDO ADMON JUSTICIA.

Y para que sirva de notificación en legal forma a INDECO LUGO SCP, en ignorado paradero, expido la presente para su inserción en el Boletín Oficial de la Provincia de LUGO.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la Oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

LEON, a veinte de octubre de dos mil veinte.- **EL/LA LETRADO/A DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.**

R. 2790

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO**CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS***Anuncio*

Expediente: A/27/30073

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., de fecha 09 de octubre de 2020 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a Isabel Basadre Fernández, la oportuna concesión para aprovechamiento de 0,00625 l/s de agua procedente de un manantial situado en la parcela catastral 53 del polígono 3, en el lugar de Montecalvo, parroquia de Marzán (Santa María), en el término municipal de Monterroso (Lugo) para usos domésticos.

Lugo, 02 de novembro de 2020.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 2730

Anuncio

Expediente: A/27/29432

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., de fecha 27 de octubre de 2020 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada al Ayuntamiento de Pantón, la oportuna concesión para aprovechamiento de 0,125 l/s de agua procedente del pozo Alto de Guítara, en Guítara, en el término municipal de Pantón (Lugo) para abastecimiento al núcleo de Segade, parroquia de Atán (Santo Estevo).

Lugo, 02 de novembro de 2020.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 2731

Anuncio

Expediente: A/27/29049

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., de fecha 27 de octubre de 2020 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada al Ayuntamiento de Lán cara, la oportuna concesión para aprovechamiento de 0,3 l/s de agua procedente de un manantial situado en el lugar de Piñeiroá, parroquia de Cedrón (Santiago), en el término municipal de Lán cara (Lugo) para abastecimiento y usos ganaderos.

Lugo, 02 de novembro de 2020.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 2732

Anuncio

Expediente: A/27/28784

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., de fecha 06 de agosto de 2020 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a Gerardo Díaz Fernández, la oportuna concesión para aprovechamiento de 0,0108 l/s de agua procedente de un pozo situado en la parcela catastral 182 del polígono 23, en el lugar de Airexe, parroquia de Goián (San Miguel), en el término municipal de Sarria (Lugo) para usos domésticos y ganaderos.

Lugo, 02 de novembro de 2020.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 2733

Anuncio

Expediente: A/27/28392

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., de fecha 06 de agosto de 2020 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada al Monte Vecinal en Mano Común de Montareda e Corredoira, la oportuna concesión para aprovechamiento de agua procedente del rego do Acevreiro en la parcela catastral 703 del polígono 91, parroquia de Saldanxe (San Miguel), término municipal de A Pastoriza (Lugo) para extinción de incendios.

Lugo, 02 de novembro de 2020.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 2734

*Anuncio***A/27/31659**

En esta Confederación Hidrográfica se ha formulado la siguiente petición para accionamiento de molino.

EXPEDIENTE: A/27/31659.

NOMBRE DEL PETICIONARIO: Luis Abelleira Mayor

DESTINO DEL APROVECHAMIENTO: molino

CAUDAL DE AGUA SOLICITADO: 150 litros por segundo.

CORRIENTE DE DONDE SE PRETENDE DERIVAR EL AGUA: río Mera.

TÉRMINO MUNICIPAL EN QUE RADICAN LAS OBRAS: Lugo.

De conformidad con el artículo 105 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real Decreto 849/1986 de 11 de abril, se abre el plazo de UN MES, a contar desde la publicación de este anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia, para que el peticionario presente en esta Confederación Hidrográfica su petición concreta y el proyecto debidamente precintado, conforme a las prescripciones del artículo 106 de dicho texto admitiéndose también, durante este plazo otras peticiones que tengan el mismo objeto que aquella o sean incompatibles con la misma.

Se denegará la tramitación posterior de toda solicitud que suponga una utilización de caudal superior al doble del que figura más arriba, sin perjuicio de que, quien lo pretenda pueda, dentro del plazo señalado en este anuncio, remitir su petición en la forma prevista en el artículo. 104 del citado Reglamento, en la que se solicitará la paralización del trámite de la que es objeto de esta publicación, debiendo acompañar a la misma el resguardo acreditativo del ingreso en la Caja General de Depósitos de una fianza por la cantidad de 2.000 Euros para responder de la presentación del documento técnico.

El desprecintado de los documentos técnicos, a que se refiere el artículo 107 del citado Reglamento, se realizará en las Oficinas de la Comisaría de Aguas de esta Confederación Hidrográfica, (C/ Progreso nº 6 – Ourense), a las DOCE (12) HORAS del primer día hábil después de los seis días de la conclusión del plazo de presentación de peticiones.

Del pago de este anuncio responde el peticionario.

Lugo, 02 de noviembre de 2020.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 2735

MINISTERIO DE FACENDA**BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) – LUGO***Anuncio*

CONVOCATORIA PÚBLICA DE AXUDAS PARA O FINANCIAMENTO PARCIAL DO ALUGAMENTO DE VIVENDAS DESTINADAS A DOMICILIO HABITUAL DE PERSOAS RESIDENTES NO CONCELLO DE LUGO. (CONVOCATORIA ANO 2020).-

BDNS (Identif.): 532190

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/532190>)

A finalidade das mesmas é financiar parcialmente o alugamento de vivenda destinada a domicilio habitual das persoas residentes no termo municipal de Lugo, de conformidade coas bases establecidas neste procedemento de concorrencia competitiva cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións.

PRIMEIRO. REQUISITOS QUE DEBERÁN REUNIR AS PERSOAS

a) Todos os membros da unidade de convivencia deberán residir e estar empadroados no termo municipal do Concello de Lugo. A persoa solicitante, a maiores, deberá estar empadroada cunha antigüidade mínima DUN ANO con anterioridade á data de peche do prazo de presentación de solicitudes. EVISLUSA, tras a correspondente autorización das persoas interesadas, solicitará de oficio o xustificante de empadramento e convivencia, no cal deberán constar empadroadas exactamente as mesmas persoas que se declaran na solicitude.

Consideraranse asimiladas a persoas residentes as persoas solicitantes que fosen antigas residentes no municipio de Lugo e que, por motivos económicos, laborais e/ou formación académica regrada, se viron

obrigadas a abandonalo e desexen retornar a el, sempre que demostren ter residido, con anterioridade, neste termo municipal un tempo continuado non inferior a 10 anos.

b) A vivenda para a que se solicita a axuda deberá constituír residencia habitual e esta circunstancia será acreditada a través de declaración responsable da persoa solicitante. A entidade colaboradora resérvase a posibilidade de efectuar as comprobacións pertinentes en colaboración co Servizo Municipal de Estatística. Comprobarase que a vivenda na que se atope empadroada a unidade familiar coincide coa do obxecto de solicitude de subvención e que se atopan empadroados unicamente os membros da unidade familiar que figuren na solicitude. O non cumprimento destes requisitos dará lugar á denegación da axuda.

c) Ningún membro da unidade de convivencia poderá dispoñer de vivenda en propiedade no termo municipal de Lugo ou de dereito real de uso e desfrute sobre outra vivenda na provincia de Lugo agás que de encontrarse no último suposto demostre documentalmente a imposibilidade de facer uso deste dereito (vivenda non habitable, motivos laborais ou familiares...).

Quedan excluídos deste requisito:

- As persoas separadas ou divorciadas con convenio regulador no que figure que a vivenda conxugal queda para uso e desfrute da súa ex-parella. Poderase valorar excepcionalmente que a persoa propietaria sexa vítima de violencia de xénero.

- As unidades de convivencia nas que o solicitante ou algún dos membros teñan mobilidade reducida acreditada e sexa convinte trasladar o domicilio habitual e permanente a outra vivenda adaptada ou practicable en réxime de alugamento.

d) Que non exista aglomeración de persoas na vivenda. (Un mínimo de 4 m²por persoa en estancias de uso dormitorio).

e) Que a suma dos ingresos brutos de calquera natureza (rendementos do traballo persoal, actividades económicas, pensións, etc.) percibidos durante o primeiro semestre do ano 2020, pola unidade de convivencia non sexa inferior a 0,5 veces o índice público de rendas de efectos múltiples (IPREM) do 2020, nin supere dúas veces o dito índice.

Estarán exentos dos mínimos esixidos as seguintes unidades de convivencia:

-Persoas beneficiarias de prestacións sociais periódicas: pensións non contributivas (PNC, renda activa de Inserción, salario da liberdade, renda de Integración social de Galicia- RISGA, salario mínimo vital orfandade...) nos que o mínimo esixido é o importe destas prestacións no exercicio económico correspondente.

- Persoas beneficiarias de prestacións de desemprego a nivel contributivo e asistencial, sempre que a unidade familiar da que formen parte careza de rendementos.

- Persoas vítimas de violencia de xénero.

A estes efectos, o valor mensual para o ano 2020 do IPREM é de 537,84 €.

Os ingresos derivados das rendas de capital non poderán superar, no seu conxunto, a cifra de 601 € anuais.

f) As persoas membros da unidade de convivencia maiores de 16 anos deberán atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias ou sociais e non ter débeda por ningún concepto coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Delegación de Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia, coa Tesourería Territorial da Seguridade Social e co Concello de Lugo.

Así mesmo, non poderán estar incursas en ningunha das prohibicións para ser beneficiaria de subvencións públicas, contempladas no artigo 13 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

g) Que ningún membro da unidade de convivencia:

- Perciba axuda económica en concepto de vivenda mentres estea percibindo a deste programa xa que esta subvención é incompatible con calquera outra pública ou privada concedida para este fin. Exceptúase da anterior limitación o complemento para titulares de PNC que residen en vivendas alugadas.

- Teña parentesco en primeiro, segundo ou terceiro grao de consanguinidade ou afinidade coa persoa arrendadora.

- Sexa beneficiario/a desta subvención na convocatoria 2018 e nas súas correspondentes prórrogas.

2.- Para os efectos deste programa,enténdese por unidade de convivencia:

2.1) A formada polas/os cónxuxes non separadas/os legalmente e, se é o caso, as/os súas/seus descendentes e ascendentes que convivan habitualmente ou colaterais en terceiro grao que convivan habitualmente.

2.2) Nos casos de separación legal, viuvez, familia monoparental ou unión de feito sen vínculo matrimonial, acreditada mediante inscrición no Rexistro de Parellas de Feito ou ben Libro de Familia, a formada polos respectivos titulares das ditas unións de convivencia, con descendentes e ascendentes, en iguais termos aos enunciados no parágrafo anterior.

2.3) As persoas maiores de idade integradas nunha unidade de convivencia que manifesten o seu desexo de independizarse.

2.4) O conxunto de persoas que, cunha antigüidade non inferior a un ano, habitan unha vivenda de forma habitual e permanente e con vocación de estabilidade.

SEGUNDO.- REQUISITOS QUE DEBERÁN CUMPRIR AS VIVENDAS.

1.- A vivenda alugada deberá estar situada no termo municipal de Lugo e non poderán ser obxecto de axuda:

As vivendas de protección oficial de promoción pública, nin as de titularidade da Administración pública nin as de carácter benéfico social ou sen ánimo de lucro.

As vivendas situadas en entreplantas e as situadas nos baixo cuberta con uso legal recoñecido no planeamento distinto de vivenda.

Os subarrendos.

Os alugamentos de habitacións.

Os locais e/ou rochos usados como vivenda.

As infravivendas e as vivendas que non cumpran coas condicións de salubridade e hixiene.

2.- O custo do alugamento da vivenda non poderá superar os 380 €/mes. Quedan excluídos do concepto de alugamento, xa que non poderán ser incluídos como renda da vivenda e, polo tanto, non serán subvencionables, os gastos que a continuación se mencionan:

Os de comunidade e administración.

Contribucións especiais, taxas e impostos, aínda que figuren no contrato.

Os de garaxe e anexos.

Os de gas, auga, electricidade e calefacción.

Os correspondentes ás reparacións que, conforme a Lei ou o contrato, teña que efectuar na vivenda a persoa titular do arrendamento.

Se no contrato de arrendamento se incluíran anexos ou outros gastos e o prezo de cada un deles non estivera descomposto, o cálculo da renda de alugamento da vivenda realizarase descontando da contía global que figure no contrato os seguintes conceptos:

- 10% polos gastos de comunidade.

- 15% polo aluguer de garaxe.

- 5% polo aluguer de trasteiro.

- 2% por outros gastos (Impostos, taxas...)

En todos os casos, os contratos de alugamento deberán aterse, en canto á súa duración, ao estipulado na Lei 29/1994 de arrendamentos urbanos e modificacións posteriores, e en calquera caso deberase desagregar a parte da vivenda dos gastos non subvencionables. Así mesmo, o contrato de alugamento deberá facer mención expresa da súa referencia catastral, no seu defecto, certificación catastral da vivenda obxecto de aluguer, podendo ser obtida de oficio por EVISLUSA previa autorización da persoa solicitante.

3.- A vivenda deberá contar, polo menos, coas seguintes condicións de habitabilidade:

Cociña en bo uso, con fonte de alimentación eléctrica ou calquera fonte de alimentación legal, e nunha estancia ventilada e axeitadamente equipada.

Se dispón de instalación de gas, deberá atoparse legalizada. En calquera estancia en que exista aparello con combustión deberá existir unha reixa de ventilación en contacto directo co exterior. No caso de gases máis pesados có aire (butano, propano...) a reixa deberá estar enrasada co pavimento ou cunha altura máxima de 5 cm medida dende ese nivel.

Se a estancia onde se atopa o aparello de combustión non está situada directamente en contacto co exterior, as estancias contiguas disporán, así mesmo, de reixa. En ningún caso se poderán tapar ou bloquear as ditas reixas.

Cuarto de baño completo con ducha ou bañeira con ventilación directa ou forzada.

Sistema de condución de auga quente en funcionamento e que dea servizo ás zonas de aseo e á cociña.

Instalación eléctrica a 220V en bo estado e legalizada.

Dispoñer de auga corrente, con instalación en bo estado, mediante contrato de subministración concertado co Concello de Lugo, se se atopase dentro da área de prestación do servizo municipal de abastecemento domiciliario de auga potable.

Deberá dispoñer de rede de saneamento en bo uso, con vertedura legal á rede xeral, se se atopase dentro da área de prestación do servizo municipal de sumidoiros.

Iluminación e ventilación segundo as condicións de vivenda exterior establecidas no PXOM.

Os espazos con uso dormitorio deberán ser todos exteriores e non utilizar outras dependencias que non teñan ese uso. Considérase unha superficie mínima de 4 m² por persoa na estancia. Permitirase a ventilación desas estancias a través de galerías ou estancias de estar que non superen os 3 m de profundidade con respecto á fachada do edificio.

Os espazos con uso de estar deberán ser todos exteriores e non utilizar outras dependencias que non teñan ese uso.

- Demais requisitos establecidos nos criterios xerais da normativa de habitabilidade tendo en conta como mínimo o cumprimento do Decreto 311/1992. Entre cuxas disposicións establece a determinación de que as vivendas situadas na 4ª planta ou superiores deberán ter acceso por ascensor, agás nas edificacións anteriores á entrada en vigor desta normativa.

As vivendas, en todo caso, deberán ter unhas condicións mínimas de hixiene, ornato e salubridade. Todas as estancias deberán ser accesibles e non se permitirán usos de almacenamento descontrolado de obxectos nas estancias da vivenda.

Desde o 1 de xuño de 2013, coa entrada en vigor do Real Decreto 235/2013, é obrigatoria a obtención do Certificado de Eficiencia Enerxética para todas as vivendas destinadas a alquiler. Polo tanto, as vivendas obxecto de formalización de contrato de aluguer a partir do 1 de xuño de 2013 deberán contar co Certificado de Eficiencia Enerxética, debendo estar indicada a súa posesión no contrato de aluguer ou no seu defecto, declaración responsable do propietario da vivenda de que está en posesión de dito certificado.

Para a realización da visita técnica, o persoal de EVISLUSA poñerase en contacto telefónico a través de chamada telefónica, Whatsapp ou SMS ao número de teléfono ou no correo electrónico indicado pola persoa solicitante no impreso de solicitude, para indicarlle a data e hora da visita. Realizaranse tres intentos de comunicación en diferentes horarios e días, se non é posible concertar a dita cita, entenderase que renuncia á subvención por causa imputable á persoa solicitante.

Así mesmo, unha vez confirmada a data e hora da visita a realizar polo persoal técnico, a non comparencia na vivenda obxecto da inspección implicará a renuncia á axuda.

As vivendas ou edificacións que dispoñan de data de construción no certificado catastral posterior ao ano 2005 (inclusive), non serán obxecto de inspección, agás que os técnicos de EVISLUSA, á vista da solicitude presentada e os datos catastrais, valoren a realización presencial da mesma. De ser o caso, a persoa solicitante achegará fotografías actuais, e tomadas con angulares amplos, de cada estancia do interior da vivenda co fin de comprobar o estado actual do inmovible. Este acto leva implícita a veracidade das imaxes aportadas pola persoa solicitante

TERCEIRO.- BASES REGULADORAS

As bases xerais reguladoras da concesión de subvencións para regular un programa de axudas para financiar parcialmente o alugamento de vivenda destinada a domicilio habitual das persoas residentes no termo municipal de Lugo, aprobáronse a través de acordo da xunta de goberno local nº 23/558 do 04/11/20, publicación en BOP de Lugo xunto coa convocatoria.

CUARTO.- CONTÍA

No orzamento municipal para o exercicio de 2020 existe consignación orzamentaria para a concesión de subvencións segundo a continuación se indica:

Servizo	Partida orzamentaria	Importe
Servizos Sociais	23179.48901	300.000 €

QUINTO.- CRITERIOS DE VALORACIÓN E CONTÍA DA SUBVENCIÓN

As axudas de alugamento, cumpridos os requisitos esixidos, concederanse de conformidade coas contías e porcentaxes que a continuación se citan:

A contía para cada caso fixarase en función do cálculo que se efectúe sobre os ingresos ponderados da unidade de convivencia (IUC), de conformidade coa táboa prevista nestas bases. Para esta ponderación tomarase como base a declaración de ingresos (DI) achegada pola persoa solicitante referente ao primeiro semestre de 2020. Esta cantidade ponderarase atendendo ao número de membros da unidade de convivencia e circunstancias deles, aplicando os seguintes coeficientes, de xeito sucesivo e acumulado:

1.- Número de membros da unidade de convivencia (MUC).

- Dous membros: 0,95.

- Tres: 0,90.

- Catro: 0,85

-De cinco en diante: 0,80.

2.- Número de descendentes da unidade de convivencia (DUC).

- Un: 0,95.

- Dous: 0,90

- Tres: 0,85

- Catro: 0,80

- De cinco en diante: 0,75.

3.- Número de ascendentes da unidade de convivencia: (AUC).

- Unha/Un ascendente: 0,95.

- Dúas/Dous ou máis ascendentes: 0,90.

4.- Familias monoparentais con cargas familiares ou unidades de convivencia con persoas con un grado de discapacidade superior ao 65% (CF).

- Unha persoa: 0,95.

- Dúas: 0,90

- Tres: 0,85.

- Catro: 0,80

- De cinco en diante: 0,75.

De conformidade co especificado no parágrafo anterior, o cálculo dos ingresos ponderados da unidade de convivencia (IUC) expresarase na seguinte fórmula:

$$IUC = DI \times MUC \times DUC \times AUC \times CF$$

De acordo cos ingresos ponderados da unidade de convivencia, a contía da axuda virá determinada pola seguinte táboa, tendo como referencia o Índice Público de Rendas de Efectos Múltiples (IPREM) do exercicio do 2020:

IUC	Subvención (% sobre o prezo de alugueiro da vivenda)
Ata 1,00 veces o IPREM	50 %
Dende 1,01 veces o IPREM ata 1,40 veces o IPREM	40 %
Dende 1,41 veces o IPREM ata 1,75 veces o IPREM	30 %
Dende 1,76 veces o IPREM ata 2 veces o IPREM	20 %

A baremación das solicitudes terá en conta o nivel de ingresos e as circunstancias persoais.

En canto ás circunstancias persoais, terán prioridade na concesión das axudas aquelas solicitudes que estean incluídas nos seguintes grupos e co seguinte orden de prioridade:

1º Vítimas de violencia de xénero.

2º Familias monoparentais con cargas familiares.

3º Unidades de convivencia con descendentes a cargo ata os 25 anos (inclusive) e/ou con grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 65%.

4º. Unidade de convivencia formada exclusivamente por mozos ata 35 anos de idade inclusive como titulares da unidade familiar.

En ningún caso, o total da subvención superará o 50% do importe do alugamento mensual da vivenda.

SEXTO.- FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

As solicitudes dos interesados, xunto coa documentación requirida, presentarase en instancia normalizada (ANEXO I) debidamente asinada no rexistro do Concello de Lugo, ou por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

No caso de serlle requirida documentación para completar o expediente ou subsanar deficiencias apreciadas na solicitude, a mesma presentarase unicamente no Rexistro da Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo S.A. (EVLUSA).

O prazo de presentación de solicitudes será de QUINCE días hábiles, contados dende o día seguinte á publicación oficial do extracto da convocatoria, na forma e nos termos previstos na Lei xeral de subvencións (artigo 17.3.b, 18 e 20.8) en relación coa Base de datos nacional de subvenciones. Así mesmo, publicarase o texto íntegro das bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e na páxina web do Concello de Lugo (www.concellodelugo.gal).

O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días hábiles, contados dende o seguinte ao da publicación oficial deste extracto da convocatoria no BOP, por conduto da BDNS.

LUGO, 9 de novembro de 2020.- A CONCELLEIRA DELEGADA DE BENESTAR SOCIAL, INCLUSION E PERSOAS MAIORES, Olga López Racamonde.

R. 2779
